



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 23 de marzo de 2023

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e tres de marzo de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira incorpórase á sesión en modo virtual.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(200).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 9 e 16 de marzo de 2023. . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(201).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTROS RESOLUCIÓNS XURIDICAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS. EXPTE. 15645/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 13/03/2023, asinado pola letrada-titular de Asesoría Xurídica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIAL CONTENCIOSA-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso. Varios expedientes

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Obxecto: Desestimación de reclamación retributiva por “complementos” de nocturnidade e festividade (durante ILT, vacacións, permisos...)

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Contía: Indeterminada

Expte.	Nº Recurso Apelación	Nº Sentenza (data)	Procedemento de orixe	Exptes. administrativos
14632/111	343/2022	14 (18/01/2023)	RC-A nº 380/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 77 do 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	35363/220 38149/220
14633/111	349/2022	5 (18/01/2023)	RC-A nº 307/2021 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 74 de 15/03/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022	35363/220 38149/220
14401/111	196/2022	24 (18/01/2023)	RC-A nº 306/2021 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 288 do 22/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022	35363/220 38149/220

Estas sentenzas, que non son firmes (pendentes de casación), resolven os recursos de apelación dos actores contra as sentenzas de instancia estimándoos, revogan as sentenzas apeladas e declaran o dereito dos actores a:

1º) Percibir os "pluses de festividade e nocturnidade" durante os períodos de vacacións, I.T., "días de libre disposición e demais permisos retribuídos".

2º) Percibir as "horas extraordinarias ou de exceso de xornada" segundo a "fórmula contida no feito segundo da demanda".

3º) O aboamento das cantidades correspondentes aos "cinco anos" anteriores á data da solicitude inicial e ata novembro do 2020 "no caso das horas extraordinarias".

2.- Contencioso. Expediente nº 13838/111

Sentenza nº 18 do 18 de xaneiro de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 580/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación. Retribucións (horas extraordinarias dende 2015) e indemnización de 25.000 €

Contía: Indeterminada superior a 30.000 €

Esta sentenza, ditada polo TSXG e contra a que só cabe recurso de casación, inadmite o recurso de apelación presentado polo Concello de Vigo e inadmite o recurso de apelación presentado polo actor (funcionario do SEIS) e simultaneamente desestima as restantes pretensións, confirmando con isto a sentenza de instancia.

Trátase do único asunto resolto polo XCA 1 Vigo no que non se completara cun Auto a sentenza ditada na instancia, e por tanto:



Concello de Vigo

- Se inadmite o recurso de apelación do Concello porque a suma que pode acadar a condena non iguala ou supera o limiar de 30.000 euros, lembrando que o criterio do TS é diferenciar contía do recurso e contía do recurso de apelación.
 - Se inadmite o recurso de apelación plantexado polo funcionario apelante porque o reclamado en concepto de rpa é inferior tamén aos 30.000 euros (reclamou 25.000 euros de indemnización).
 - Se desestiman o resto de pretensións porque a Sala entende que procede como se resolveu na instancia, que procede abonarlle ao demandante as diferencias que resulten das horas de exceso sobre a xornada anual ordinaria, ao valor da hora normal de traballo, cos xuros procedentes. Cuestión que se ten que levar a cabo segundo a Sala, en execución de sentenza. Tamén aclara que non é posible incluír na sentenza unha condena a futuro, sen prexuízo de que as horas en exceso que teñan que prestar estes funcionarios se teña que abonar conforme ao ordenado na sentenza, isto é; conforme ao valor da hora normal de traballo.
- A Área de RRHH e Formación, a Área de Seguridade e o Servizo de Bombeiros deben de coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 333/2020 PO XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 137 do 22/07/2021, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 29/10/2021

3.- Contencioso. Expediente nº 13034/111

Sentenza nº 23 do 31 de xaneiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Ordinario: 244/2020

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (bombeiros)

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, ditada en execución do resolto en apelación, analiza e resolve a pretensión de condena de 25.000 euros por responsabilidade patrimonial do Concello por dano moral (por anulación xudicial do "decreto" de 6-2-2019 do Concelleiro de Seguridade).

No seu F.D. 2º reitera a diferenza entre horario e xornada de traballo.

No seu F.D. 3º, coa base no dereito da administración e no deber do funcionario de cumprir a xornada de traballo legalmente establecida, conclúe na inexistencia de dano antixurídico, desestima o recurso e declara a firmeza desta segunda sentenza por razón de contía.

4.- Contencioso. Varios expedientes

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Extensión de efectos da sentenza nº 232/2021, ditada polo XC-A nº 1 de Vigo no seo do RC-A nº 272/2021 PA, que recoñece o dereito dos demandantes (Servizo Extinción Incendios) a que se lles pague o complemento de produtividade pola actividade extraordinaria desenrolada nos anos 2018, 2019 e 2020

Expte(s): 38238/220 e 38675/220

Contía: Indeterminada

Expte.	Procedemento	Nº Auto (data)
14447-111	Extensión de Efectos: 37/2022	12 (07/02/2023)
15113-111	Extensión de Efectos: 297/2022	13 (07/02/2023)

Estes Autos, firmes por contía, estiman as solicitudes de extensión de efectos e recoñecen o dereito a percibir un complemento de produtividade polo desenvolvemento de funcións de mando en ausencia destes aos demandantes, nos periodos determinados na resolución.

Estes procedementos se relacionan con outros nos que tamén se está a solicitar a extensión de efectos da sentenza ditada no PA 272/2021, ditada por este mesmo Xulgado do C-A nº 1 de Vigo, concluíndo que procede a extensión de efectos por atoparse na mesma situación que os demandantes e ao concorrer idéntica situación obxectiva, ser conforme a dereito.

As Áreas de RRHH e Formación e a de Seguridade, xunto coa Xefatura de Bombeiros, deben coñecer do resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 14879/111

Auto nº 5 do 19 de xaneiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 201/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da solicitude de modificación da RPT no relativo ao complemento específico do seu posto de traballo - Xefa Negociado de Actas

Expte(s): 40655/220

Este Auto, firme, resolve a inadmisión presentada por unha funcionaria contra a desestimación presunta dunha solicitude de equiparación do complemento específico entre o seu posto e outro que considera equivalente.

O posto da demandante é o de Xefe/a de negociado de actas do Pleno, e do que se pretende equiparación é o de Xefe/a de negociado da Xunta de Goberno Local.

O obxecto do recurso o constituía a desestimación presunta dunha solicitude rexistrada o 4/2/2022 para a equiparación do complemento específico de ambos postos, recurso posteriormente ampliado á resolución da XGL que aprobou definitivamente a RPT (23/9/2022).

Este Auto inadmite o recurso polas seguintes razóns, sen prexuízo de considerar que de modo autónomo e dentro de prazo, poderá impugnar o acto de aprobación da RPT do 23/9/2022.

A inadmisión se produce en aplicación dos criterios xurisprudenciais que consideran que non é posible construír un silencio como fundamento para impugnar unha actuación municipal.

O lexislador estableceu claramente que o réxime do silencio positivo opera con relación a un procedemento, non a unha solicitude. Polo tanto, a reacción fronte á RPT aprobada resulta extemporánea, e o recurso debe inadmitirse.

En idénticos termos se alegou sobre tal inadmisión por parte do Concello, acollendo esta alegación o Xulgado ao indicar que o feito de ampliar o recurso non emenda vicios que poden determinar a inadmisión do recurso.

Polo tanto, e conforme ao anterior, se considera neste Auto que contra este último acto aprobatorio da RPT si poderá interpoñer a parte demandante, de consideralo procedente, un recurso.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto e completar con este Auto a xurisprudencia que se está a consolidar sobre a natureza xurídica das relacións de postos de traballo e as implicacións na súa impugnabilidade.

6.- Contencioso. Expediente nº 14966/111

Sentenza nº 3 do 19 de xaneiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 251/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos causados en nave industrial sita na rúa Xulián Estévez, polo colapso e desbordamento do canalón de recollida de pluviais, por atoparse atascado con follas das árbores colindantes e de titularidade municipal e non poder desaugar a auga da cuberta

Expte(s): 6557/243

Contía: 3.197,13 €

Sentenza desestimatoria da reclamación patrimonial efectuada pola compañía aseguradora do titular dun inmovible sito na Rúa Xulián Estévez, por danos nos desaugues do inmovible ocasionados polo depósito de follas das árbores municipais sitas na beirarrúa de enfrente. Di a sentenza que a demandante non presenta proba de das reclamacións alegadas ante o Concello de Vigo para que procedera á poda das árbores, nin proban os traballos de limpeza efectuados que aquí reclaman.

7.- Contencioso. Expediente nº 15156/111

Sentenza nº 5 do 13 de xaneiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo



Concello de Vigo

Abreviado: 260/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da reclamación de RPA formulada o 23/06/2021 polos danos producidos a un vehículo a consecuencia da caída dunha rama dunha árbore en vía pública e resolución expresa posterior

Expte(s): 6480/243

Contía: 646,88 €

A sentenza considera axustada dereito a resolución municipal expresa de 23.12.2022 ditada con posterioridade a interposición do contencioso que estima a reclamación de responsabilidade patrimonial e declara que a responsabilidade é da UTE ZONAS VERDES VIGO como concesionaria do servizo municipal de conservación e reposición de zonas verdes ao ocasionarse os danos no vehículo reclamados pola caída dunha rama dunha árbore na vía pública durante a realización de labores de tala.

Debe coñecer o resolto o servizo de Patrimonio (RPA).

8.- Contencioso. Expediente nº 15154/111

Auto nº 6 do 25 de xaneiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 312/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación patrimonial polos danos sufridos por mor dunha caída na rúa Aragón.

Expte(s): 6379/243

O auto, firme e contra o que non cabe recurso, declara terminado o procedemento á vista do ditado da resolución do expediente de responsabilidade patrimonial con cuio resultado se conforma a demandante, sen imposición de custas procesuais.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

9.- Contencioso. Expediente nº 15009/111

Sentenza nº 16 do 31 de xaneiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 271/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo negativo, da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos como consecuencia do atasco de tuberías.

Expte(s): 6700/243

Contía: 231,00 €

A sentenza desestima o recurso porque considerase que a causa do atasco da conducción de agua que discorre pola súa parcela, e cuxo custe de reparación se reclama, non radica nunha deficiente conservación da rede xeral de abastecemento e saneamento que discorre por la vía pública posto que o fundamento do asfalto e as fisuras da conducción pública producíronse con posterioridade ao atasco e non produciron ningunha alteración do servizo público.

10.- Contencioso. Expediente nº 15171/111

Auto do 20 de xaneiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 183/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: expediente sancionador nº C2000032918

Expte(s): 2021/50925

O Auto 7/2023 do Xulgado Contencioso-Administrativo 2 de Vigo acorda declarar terminado o procedemento por recoñecemento total en vía administrativa das pretensións da parte recorrente.

11.- Contencioso. Expediente nº 15139/111

Sentenza nº 13 do 25 de xaneiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 300/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 28/04/2022 desestimatoria do recurso de reposición formulado pola imposición dunha sanción por non identificar ao condutor

Expte(s): 294516/280

Contía: 1.200,00 €

A sentenza estima o recurso interposto contra a resolución emitida no procedemento sancionador de tráfico que impuxo unha sanción de 1.200 € por non identificar ao condutor (a infracción orixinaria foi captada por cinemómetro: exceder en máis de 30 km/h ata 40km/h o límite de velocidade permitido) por considerar que a notificación do requirimento non foi axustada a dereito por entregarse a carta certificada con aviso de recepción, en ausencia da súa destinataria, a unha veciña do mesmo inmovible.

A sentenza, que non é susceptible de recurso, impón as costas á Administración ata o límite máximo de 300 euros máis impostos.

O Servizo de Seguridade e de Recadación Executiva deben coñecer o resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 15191/111

Sentenza nº 34 do 10 de febreiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 339/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo de data 14/09/2022, desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra do 30/05/2022 en expediente sancionador.

Expte(s): 295435/280

Contía: 300,00 €

Esta sentenza, que é firme, desestima a demanda e considera correctamente tramitado o expediente sancionador. O único motivo de impugnación era o cumprimento polo cinemómetro da norma que establece as condicións técnicas deste tipo de aparellos, invocando unha norma non vixente. No expediente consta certificado para a actualmente vixente.

Non obstante, o Xulgador profundiza na tramitación do mesmo, e conclúe que mesmo baixo a vixente, a captación do incumprimento é conforme á mesma, así como a apreciación da marxe de erro.

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

13.- Contencioso. Expediente nº 6932/111

Decreto nº 6 do 13 de febreiro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 60/2011

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Denegación da condición de interesado no expediente de tramitación da execución da sentenza ditada polo TSXG no RC-A nº 6149/1998

Expte(s): 3365/241

O Decreto ten por desistida á actora, declarando o remate do procedemento, sen imposición de custas.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer o resolto.



Concello de Vigo

B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 15180/111

Sentenza nº 50 do 30 de xaneiro de 2023

Xulgado do Social nº 4 de Vigo

Despedimento/cesamento en xeral: 710/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución da Concelleira Delegada da Área de Seguridade, contratación e xestión municipal do 06/10/2020, que acordou a suspensión de emprego e soldo por cumprimento da condena de inhabilitación para emprego ou cargo polo prazo de 9 anos.

Expte(s): 40847/220

Esta sentenza non é firme e desestima as pretensións da demanda do actor (de nulidade e subsidiariamente de improcedencia do seu despedimento).

O demandante ten a condición de empregado público municipal (réxime laboral) e a Audiencia Provincial o condenou de conformidade por un delito de prevaricación administrativa, con pena de inhabilitación especial para emprego ou cargo público.

O Concello de Vigo recibiu un oficio da Audiencia solicitando información sobre un posible quebrantamento de condena e poñendo en coñecemento ao mesmo tempo a existencia de tal condena, ao acompañar copia da sentenza e da folla de liquidación da condena.

Procedendo a resolver a suspensión de emprego e soldo por mor desta condena e notificarlle ao demandante e á Audiencia que se estaba a dar cumprimento á sentenza.

Esta sentenza convalida a actuación municipal e considera plenamente axustado a dereito o proceder do Concello, xa que os termos da condena eran claros segundo a propia Audiencia Provincial, ao ditarse de conformidade co acusado, e comprender a pena de inhabilitación tanto a súa condición de empregado municipal como a de Alcalde pedáneo da Entidade local menor de Bembrive, cuestión esta a controvertida polo demandante (alcance da pena cinguido só á súa condición de Alcalde pedáneo, non de empregado municipal).

A sentenza, valorando a proba aportada, e con base en criterios semellantes, que conclúen que lle corresponde ao órgano xudicial sentenciador aclarar o concreto alcance da pena, que a extinción do vínculo é válido, e que non nos atopamos perante un despedimento.

Cómpre recoller nesta comunicación que o Concello de Vigo tentou tal aclaración por parte da Audiencia, quen respondeu que se carecía de lexitimación, ao non formar parte dese proceso xudicial, circunstancia esta que, xunto co feito de que o propio actor non probou que solicitase de seu a aclaración, permite entender que a actuación do Concello foi axustada a dereito.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

2.- Social. Expediente nº 14325/111

Decreto do 7 de febreiro de 2023

Xulgado do Social nº 3 de Vigo

Ordinario: 841/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: En materia de dereito (fixeza/indefinido non fixo)

Expte(s): 39152/220

Acorda ter por desistida á actora da súa demanda, segundo o escrito de desistimento presentado, arquivando os autos.

3.- Social. Expediente nº 12948/111

Sentenza nº 51 do 24 de xaneiro de 2023

Tribunal Supremo, Sala do Social

Recurso de casación unificación doutrina: 2485/2021

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Reclamación do dereito a seren declarada como persoal indefinido non fixo do Concello de Vigo

Expte(s): 34511/220

Esta sentenza do Tribunal Supremo ditada en Casación para unificación de doutrina estima o recurso e desestima a pretensión da traballadora de que se declare que a súa situación é a de fixa, e estima o recoñecemento como indefinida non fixa.

O TS expón a súa última doutrina sobre a temporalidade no emprego público, con relación ao prazo de tres anos do art. 70 do TREBEP para a execución das ofertas de emprego. Esta traballadora era interina con cargo a unha vacante dende o 6/7/2010.

Esta sentenza estende os razoamentos da ditada o 28/6/2021, xa coñecida de modo notorio porque rectificou a doutrina sobre os contratos de interinidade con cargo a unha vacante. Canto á valoración dos feitos, só se pronuncia no senso de considerar non probada circunstancia algunha que xustifique a inactividade da Administración dende o ano 2010 no que comezou a prestar servizos e o ano 2018 cando presenta reclamación previa solicitando que se declarase a súa relación laboral como fixa e subsidiariamente como indefinida non fixa.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

Procedementos de orixe:

Recurso Suplicación nº 3799/2020 TSXG, Sala Social, Sentenza de 01/06/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 10/09/2021.

Procedemento Ordinario nº 860/2019 Xulgado Social nº 5 Vigo, Sentenza nº 265 de 27/07/2020, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 24/09/2020.

C) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL CIVIL

1.- Civil. Expediente nº 13247/111

Sentenza nº 32 do 3 de febreiro de 2023

Xulgado de Primeira Instancia nº 8 de Vigo

Ordinario: 74/2020

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Reclamación da propiedade dunha porción do monte “Cotogrande-Lodoso” parcela ref. catastral nº 54057A04900023 Cabral-Vigo.

A sentenza que se comunica non é firme, e desestima a acción reivindicatoria promovida pola CMVMC de Cabral contra varias persoas propietarias dun terreo e o Concello de Vigo en intervención provocada, por unha permuta celebrada no 1955.

A sentenza, logo de expoñer a xurisprudencia relativa á prosperabilidade deste tipo de accións entabladas polas comunidades de montes, e de valorar pormiudadamente a proba, conclúe que neste caso, as propiedades como a controvertida, situadas no extremo dos montes veciñais delimitados polos Xurados provinciais, presentan unha maior dificultade probatoria para as comunidades.

Neste caso tanto a febleza dalgúns dos argumentos ou criterios empregados polo perito de parte da demandante, como o exposto polos peritos das demandadas e do Concello (técnico do Servizo de Patrimonio), permiten asegurar que os lindes non son os alegados pola demandante, e polo tanto, en ausencia do requisito da identificación do reclamado, non procede estimar a acción.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demáis resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio



Concello de Vigo

constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(202).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA. EXPTE. 247951/201.

Visto o informe xurídico do 14/03/2023 e o informe de fiscalización do 16/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/02/2023, asinado polo asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, a xefa do Servizo, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL) acordou, na súa sesión ordinaria do 07.03.2019, adxudicar á entidade “QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.” (A-80106842) o procedemento aberto para a contratación do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria do Concello de Vigo por un prezo de 280.800,00 € (IVE incl.).

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 16.04.2019, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que é de tres (3) anos, contado a partir do 16.04.2019, mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (cláusula 7 PCAP).

I.4. A primeira prórroga deste contrato foi tramitada no Exp. n.º 230281/301 (2022) e acordada en sesión ordinaria da XGL do 24.02.2022 para o periodo 16/04/2022 – 15/04/2023, cun gasto de 93.600€.

I.5. No ano 2022 tramitouse tamén, no Exp. n.º 241412/301 (2022), unha modificación deste contrato para poder ampliar o servizo de TAD e prestalo a un maior número de usuarios/as. Foi aprobada na XGL do 10.11.2022 e supuxo un incremento do importe total do contrato de 7.358€ (IVE incl.).

I.6. Tramítase agora a 2ª prórroga do contrato no expediente administrativo nº 247951/301 (2023) do Servizo de Benestar Social e consta nel (e nos expedientes relacionados) a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social do 23.01.2023, ordeando a incoación de expediente administrativo para esta 2ª prórroga.
- Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade “QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.” (A-80106842) e Pregos de contratación (PPT e PCAP), que constan no mesmo documento contractual.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).



Concello de Vigo

- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- RSCL (Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- L.39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.
- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regulan o rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia (DOG nº 14 do 20/10/2012).
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG nº 63 do 30/03/2012).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.
- Guía de Fiscalización da Contratación (versión 01_2021).

III. INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribúsen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

III.2. SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS – TELEASISTENCIA DOMICILIARIA MUNICIPAL: XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Con carácter xeral para todos os contratos, o Art. 29.1 da LCSP preceptúa que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións



Concello de Vigo

que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.4. O contrato formalizado con “QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.” é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de tres (3) anos a partir do 16.04.2019 (cláusula 4). Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano cada unha.

III.2.5. Tanto a Xefatura do Servizo de Benestar social como a Xefatura desta Área (responsable do contrato) e a Concelleira de Política de Benestar Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade dun Servizo que ten como obxectivos os seguintes:

Xerais:

- A permanencia das persoas no seu medio habitual proporcionándolles seguridade no seu domicilio.
- Facilitar a intervención inmediata nas crises persoais, sociais ou médicas.
- Evitar internamentos nos centros.

Específicos:

- Conexión permanente entre a persoa usuaria e o centro de atención.
- Dar apoio inmediato a través da liña telefónica.
- Actuar no propio domicilio en situacións de emerxencia, mobilizando os recursos necesarios.
- Recordar ó/a usuario/a a realización de actividades concretas (visitas médicas, medicación, ...).

III.2.6. A segunda prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións xa convidadas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal subscrito o 16.04.2019 e a modificación acordada no ano 2022, formalizada en documento administrativo con data 22.11.2022.

III.2.7. O gasto representado por esta 2ª prórroga, que é de 100.958,00€, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 2310.227.99.11 dos orzamentos municipais (“Teleasistencia”); 69.696,00€ ó exercicio de 2023 (do 16.04.2023 ó 31.12.2023) e 31.262,00€ ó exercicio de 2024 (do 01.01.2024 ó 15.04.2024).

III.2.8. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.9. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).

IV. CONCLUSIONES

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 16.04.2019 polo Concello de Vigo coa entidade “QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.”, toda vez que:

- Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- As características do contrato de servizos formalizado para a prestación do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria do Concello de Vigo permanecerán inalterables.
- Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
- Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 16/04/2023 e ata o 15/04/2024, o contrato do Servizo de Teleasistencia Domiciliaria do Concello de Vigo, adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 07.03.2019 á entidade “QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.” (A-80106842) por un prezo de 280.800,00 € (IVE incl.) e formalizado en documento administrativo o 16.04.2019, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017) e nas cláusulas 4 do contrato e 7 e Apdo. 4.c] FEC do Prego de cláusulas administrativas particulares. O contrato prorrógase nas mesmas condicións convidadas entre as partes, de acordo coas estipulacións do contrato orixinal suscrito en 2019 e a modificación acordada no ano 2022, formalizada en documento administrativo con data 22.11.2022.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 100.958,00€ que representa esta segunda prórroga a favor de “QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.”, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 2310.227.99.11, correspondendo 69.696,00€ ó exercicio de 2023 (do 16.04.2023 ó 31.12.2023) e 31.262,00€ ó exercicio de 2024 (do 01.01.2024 ó 15.04.2024).

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa



Concello de Vigo

desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(203).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN CENTRO XUVENIL ABERTAL” PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PREVISTAS NO PROGRAMA: “VIGO INCLUSIVO” (2023-2025). EXPTE. 249446/301.

Visto o informe xurídico do 10/03/2023 e o informe de fiscalización do 15/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 09/03/2023, asinado pola xefa de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. A “Asociación Centro Xuvenil Abertal” é unha entidade social prestadora de servizos á xuventude, constituída formalmente en 1985 co propósito de contribuír no tempo libre á educación e promoción integral de nenos/as, adolescentes e mozos/as.

Figura inscrita no Rexistro de Asociacións, dependente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, co nº 1985/01331-1 e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia con data 07.02.2020 (RUEPSS nº E-7254). Consta inscrita tamén no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo desde o ano 1990 (nº 168-90).

I.2. De acordo cos seus Estatutos, a Asociación ten como un dos seus fins principais prestar todo tipo de servizos educativos e sociais a nenos/as e mozos/as do seu ámbito de actuación, de acordo coas súas necesidades e intereses. Para o cumprimento deses fins desenvolve diferentes servizos e actividades de lecer e tempo libre.

I.3. Dentro das referidas actividades estatutarias, a “Asociación Centro Xuvenil Abertal” desenvolve programas e actividades de lecer e tempo libre inclusivo que teñen como obxectivo incidir na superación das causas que xeran a exclusión social.

I.4. Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da “Asociación Centro Xuvenil Abertal” para o desenvolvemento das actividades previstas no Programa: “VIGO INCLUSIVO” (ANOS 2023-2025).

I.5. O Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. Entre as súas competencias está a prestación dos servizos de avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, sendo esta última competencia de obrigado exercicio para os concellos de máis de 20.000

habitantes (Arts. 25.1, 25.2.e], 25.2.j] e 26.1.c] da LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro – LRSAL) .

I.6. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residénciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

I.7. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela»* e que *«non se entenderá como exercicio de novas competencias»*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

I.8. Canto á vixencia deste Convenio, propónse que esta sexa de tres (3) anos (2023, 2024 e 2025), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.

12(211).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA MEDIANTE CONVENIO COA ENTIDADE VIGO VOLEIBOL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023. EXPTE. 22442/333.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos do 17/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 16/03/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 22442/333, e atendendo ás observacións detalladas pola intervención do Concello, procédese a informar sobre a consideracións observadas e á modificación da proposta e que a continuación se detalla:

1. Engadiuse na parte expositiva da proposta o seguinte parágrafo:

En relación á xustificación das subvencións, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira das entidades obxecto da convocatoria, todas elas se ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da convocatoria, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolven os seus proxectos, que se verían en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, as bases exceptúan o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

Atendendo á instrución remitida polo Concelleiro de Deportes, dáse inicio á tramitación do expediente de subvención nominativa por importe de 55.000,00 € prevista na partida orzamentaria 3410.4890010 a favor da entidade CLUB VIGO DE VOLEIBOL polo desenvolvemento do proxecto xeral de actividades da entidade na tempada deportiva 2022-2023.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación á participación de entidades deportivas da cidade nas máis altas categorías das competicións a nivel do estado.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ás entidades deportivas da Cidade de Vigo e a consolidación dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e todas as cidadás.



Concello de Vigo

En relación a esta actuación de colaboración na actividade deportiva das entidades que teñen equipos nas segundas categorías dos diversos deportes, atopamos que a entidade deportiva CLUB VIGO DE VOLEIBOL conta cun equipo de elite na modalidade de voleibol na categoría segunda (Superliga - división de honra 2). A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade en competicións de alto nivel.

Ó valor único e de carácter excepcional que supón a participación do primeiro equipo da entidade na categoría segunda hai que engadir o proxecto de dinamización e fomento do deporte de base que a entidade desenvolve na tempada 2021-2022, que impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos nun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno, e contribúe a establecer pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.

Ambos proxectos complementáanse e son interdependentes, conformando a realidade da entidade CLUB VIGO DE VOLEIBOL e configurando un proxecto xeral baseado no valor único de cada un deles.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na procura da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A busca dunha personalidade propia e definida da acción, en base ós principios do compromiso da sociedade cara os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en tódolos aspectos é unha das prioridades de actuación en materia do deporte.

Este proxecto de colaboración coas entidades deportivas con equipos de elite da cidade de Vigo fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendimento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mozos teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas vigueses e viguesas no entorno asociativo da cidade.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de

Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos atopamos criterios que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento destes proxectos deportivos considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, polo cal propónse a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a entidade CLUB VIGO DE VOLEIBOL para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para este convenio, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final segunda; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social e concedese directamente ao figurar nominalmente nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo na partida orzamentaria 3410.4890010 consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de



Concello de Vigo

subvencións de Galicia. E a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación.

A Vixencia deste convenio é pola actividade desenvolta pola entidade CLUB VIGO DE VOLEIBOL durante a tempada deportiva 2022-2023 tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e como máximo ata o 15 de Novembro de 2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, que se vería en serio risco de cumprimento no caso de esixirse a constancia expresa do pago dos gastos subvencionados con anterioridade ó proceso de xustificación, o convenio exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión directa dunha subvención a favor da entidade deportiva CLUB VIGO DE VOLEIBOL para o desenvolvemento do proxecto xeral de actividade da entidade na tempada deportiva 2022-2023 e aprobar o texto do convenio que a regula.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 55.000,00 € a favor da entidade CLUB VIGO DE VOLEIBOL co CIF: G36658219 e enderezo social en rúa Bolivia, 2 6º C

(36203), en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 22442-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890010 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE CLUB VIGO DE VOLEIBOL EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO XERAL DE ACTIVIDADE DA ENTIDADE CONSIDERADA DE ELITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2022-2023 (EXPTE. 22442/333).

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Fernández Pérez, como Concelleiro Delegado de Deportes da Concellería de Deportes (art. 127 da Lei 7/85, Decreto de Delegación de Alcaldía de 18 de xuño de 2019, Acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 e resolución de competencias do 26 de Xuño de 2019)

Doutra, D. Guillermo Touza Rodríguez como presidente da entidade CLUB VIGO DE VOLEIBOL CIF: G36658219 e enderezo social en rúa Bolivia, 2 6º C (36203), en Vigo, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa persoa secretaria que figura na documentación do expediente núm. 22442/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto de este convenio é colaborar no desenvolvemento do programa de dinamización do proxecto deportivo da entidade CLUB VIGO DE VOLEIBOL durante a tempada 2022-2023. A entidade conta cun equipo de elite que participa na categoría segunda (Superliga - división de honra 2), desenvolve a súa actividade no Concello de Vigo, e constitúe un pilar de gran importancia en atención á repercusión social y mediática do deporte.

A entidade CLUB VIGO DE VOLEIBOL desenvolve o proxecto do equipo de elite durante a tempada 2022-2023.

A actividade deste equipo na competición supón un valor moi importante para a promoción do deporte vigués xa que posibilita a participación da canteira deportiva da cidade.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

II.-Que a entidade CLUB VIGO DE VOLEIBOL impulsa e estimula a participación dos e das máis mozos no ámbito do deporte a través do desenvolvemento dun proxecto deportivo de base



Concello de Vigo

orientado fundamentalmente ó fomento e promoción do VOLEIBOL en etapas de formación, contribuíndo ademais a establecer pautas de referencia positivas, e complementando o proxecto xeral da entidade.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Colaborar cós axentes deportivos na ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica entre a actividade deportiva de rendemento e os sistemas de iniciación do deporte.
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses e viguesas máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- A consecución dun consenso social e institucional para salvagardar o desenvolvemento dun itinerario deportivo e formativo de alto nivel para os deportistas viguesas e viguesas no entorno asociativo da cidade.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3410.4890010 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 55.000,00 €, a favor da entidade deportiva CLUB VIGO DE VOLEIBOL.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto xeral da entidade CLUB VIGO DE VOLEIBOL na tempada deportiva 2022-2023.

VI.- Que a entidade CLUB VIGO DE VOLEIBOL non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22442/333.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e o CLUB VIGO DE VOLEIBOL conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A entidade CLUB VIGO DE VOLEIBOL comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos da entidade que asina este convenio:

- Programa Municipal de escolas deportivas.

- Xornadas de formación.
- Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.
- Actividades dirixidas a poboacións especiais: maiores, discapacitados...
- Colaboración coa promoción do deporte en igualdade.

2º.- Desenvolver un proxecto xeral de actividade da entidade, e que inclúe a dinamización da actividade de carácter excepcional do equipo de elite da entidade e a promoción e fomento do deporte de base na modalidade de CLUB VIGO DE VOLEIBOL na tempada 2022-2023.

3º.- Traballar conxuntamente na difusión e promoción necesaria dos programas de actuación deportiva de cara ó ensino e iniciación deportiva en tódolos aspectos da modalidade específica do equipo de elite.

4º.- Participar cos xogadores e xogadoras do primeiro equipo nos proxectos de promoción do deporte dinamizados polo Concello de Vigo.

5º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan dentro das actividades do equipo de elite, con independencia dos patrocinios da entidade, deberá figurar nun lugar visible a imaxe do Concello de Vigo:

- A imaxe do Concello de Vigo deberá estar presente na parte frontal das camisetas de xogo e nas de paseo, á altura do peito. O seu formato e situación deberá ser autorizado pola Concellería de Deportes.
- Na instalación de Xogo colocaranse, como mínimo, catro lonas coa imaxe institucional do Concello de Vigo, localizadas en zonas centrais e de máxima visibilidade da zona de xogo, cun mínimo de 1 metro de altura x 4 metros de lonxitude cada unha.
- A imaxe institucional do Concello de Vigo deberá estar presente nos autobuses ou medios de locomoción, en todas as viaxes a para a realización de competicións oficiais federadas, participacións en torneos ou en xornadas deportivas, e en xeral en calquera actividade na que participe a entidade.

6º.- Realizar unha memoria das actividades realizadas durante a tempada deportiva, resultados, colaboracións, clasificacións, proxectos, fotografías coa imaxe institucional, etc... Esta memoria deberá incluír, como mínimo:

- Descrición detallada das competicións nas que a entidade participou, tanto do primeiro equipo da entidade como dos equipos e deportistas de base.
- Fotografías dos equipamentos de xogo tanto do primeiro equipo como dos equipos de base, que inclúan a imaxe institucional do Concello de Vigo.
- Fotografías de accións de xogo do primeiro equipo da entidade nas que se visualice a imaxe da imaxe institucional do Concello de Vigo nos equipamentos de xogo.
- Imaxes da instalación durante o desenvolvemento de competicións do primeiro equipo con detalle das lonas publicitarias coa imaxe institucional localizadas no terreo de xogo segundo o detallado no apartado 5º do pacto primeiro.
- Imaxes do medio de transporte do primeiro equipo da entidade co detalle da imaxe institucional do Concello de Vigo.

7º.- Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

8º.- Que en todas as comunicacións, informacións de partidos, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización de actividades, competicións ou adestramentos dos equipos da entidade, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

9º.- Participar cos xogadores do primeiro equipo nos proxectos de promoción deportiva, difusión e información formulados polo Concello de Vigo.

10º.- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.

11º.- Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa entidade CLUB VIGO DE VOLEIBOL na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización dos seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade D. Guillermo Touza Rodríguez (revista, web, etc).

3º.- Conceder directamente á entidade CLUB VIGO DE VOLEIBOL unha subvención por importe de 55.000,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890010 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas co seu proxecto xeral de actividade, desenvolvido na tempada deportiva 2022-2023.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado se a entidade beneficiaria o solicita, mediante transferencia bancaria, trala sinatura do convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, excepto coa solicitude de subvención na convocatoria por concorrencia competitiva de subvencións que a Concellería de Deportes desenvolva en relación ós proxectos de actividade das entidades deportivas de Vigo na tempada 2022-2023 coa que será incompatible.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartelaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a sinatura do presente convenio e o 15 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:



Concello de Vigo

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitrxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitrxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2022-2023. A tal efecto, o persoal técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial segundo os calendarios oficiais aportados.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de Novembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo.- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar



Concello de Vigo

cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan formular.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extinguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

13(212).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA POLA QUE SE APROBA O PADRÓN DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA DO ANO 2023. EXPTE. 80253/511.

Dáse conta da referida Resolución de data 14/03/2023, asinada polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda e pola secretaria de Administración Municipal, que di o seguinte:

No uso das competencias que me atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Resolución de Delegación de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 e 26 de xuño de 2019 así como o artigo 63.2 da Ordenanza Fiscal Xeral)

De conformidade co Informe Proposta da Dirección de Ingresos,

RESOLVO:

1.- Aprobar o Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2023 que comeza coa inscrición do vehículo matrícula 0000BCS e remata coa inscrición do vehículo matrícula ZA-9992-H, polo importe total de **14.523.314,87€**, correspondentes a un total de 202.749 vehículos e 160.212 recibos emitidos.

2.- Aprobar a exención do imposto de vehículos de tracción mecánica a 2.518 vehículos para uso exclusivo de persoas con certificado de **discapacidade** igual ou superior ao 33% que reúnen as condicións establecidas no artigo 4 apartado 1.5. da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: ED” e “Ano de inicio.bonif: 2023” *(a exención para os restantes vehículos que tamén gozan deste beneficio fiscal neste exercicio pola mesma causa, foi aprobada con anterioridade, con efectos para varios exercicios).*

3.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 651 vehículos con **emisións CO2 menores a 120grs/km** así como a 10 vehículos con **eficiencia enerxética A** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4b) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: CO2”, “Bonif. Fiscal: Enerxética” e “Ano de inicio.bonif: 2023” e a súa cota bonificada correspondente.

4.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 78 **vehículos eléctricos** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4c) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: Eléctricos” e “Ano de inicio.bonif: 2023” e a súa cota bonificada correspondente *(a bonificación para os restantes vehículos que tamén gozan deste beneficio fiscal neste exercicio pola mesma causa, foi aprobada con anterioridade, con carácter indefinido).*

5.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 365 **vehículos híbridos** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4a) da Ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: Híbrido” e “Ano de inicio.bonif: 2023” e a súa cota bonificada correspondente.

6.- Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto a 16 vehículos **que utilizan combustible GLP** que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4d) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: GLP” e “Ano de inicio.bonif: 2023” e a súa cota bonificada correspondente.

7.- Aprobar a bonificación do 100% da cota do imposto a 43 vehículos con **antigüidade mínima de 25 anos e con menos de 5000km percorridos**, condicións establecidas no artigo 4 apartado 2.3) da ordenanza fiscal vixente, e que aparecen referenciados no documento padrón cos códigos de “Bonif. Fiscal: Equip.” (Equiparable a Históricos) e “Ano de inicio.bonif: 2023” e a súa cota bonificada correspondente.



Concello de Vigo

8.- Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral.

9.- Proceder á exposición pública durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao de finalización do período voluntario de pago.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

14(213).- RECTIFICACIÓN DE ERRO NO EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DA MEMORIA DE OBRAS DE INTERESE SOCIAL A PRESENTAR Á CONVOCATORIA DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAS EN SITUACIÓN OU RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL PERCEPTORAS DE RISGA, PARA O EXERCICIO DO ANO 2023. EXPTE. 19917/77.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/03/2023 asinado pola xefa de Desenvolvemento local e pola concelleira-delegada de Emprego, que di o seguinte:

I. A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria de data 23/02/2023, adoptou o seguinte acordo:

- Aprobar a memoria do servizo de Participación cidadá e *Desenvolvemento Local*, **“Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo III”**, que se achega no anexo I para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga para o ano 2023, e que se resume no cadro que se achega no Anexo I.
- *Solicitouse á Xunta de Galicia unha subvención de **491.061,15 €** para o desenvolvemento da memoria aprobada.*
- *Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.*
- *Delegar na Tenente de alcalde e Concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, patrimonio e Emprego Elena Espinosa Mangana a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.*

II. Segundo a Orde PCM/74/2023, de 30 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cese de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional para o exercicio 2023, artigo 4. *Tipos de cotización:* a partir do 1 de xaneiro de 2023, os tipos de cotización ao RX serán os seguintes: c) para o

mecanismo de equidade interxeracional, o 0,60 % aplicable sobre a base de cotización por contingencias comúns do que o 0,5% será a cargo da empresa e 0,1%, a cargo do traballador. Toda vez que se ten modificado o tipo de cotización á SS.SS referido, advírtese un erro nos cálculos dos custos efectuados, polo que sendo preciso corrixir o cálculo das cotizacións Empresariais á Seguridade Social, reflíctense os cálculos correctos que figuran na seguinte táboa:

Grupo Cotiza Seg. Soc.	Posto	Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Nº MESES: 9	TOTAL CUSTO TRABALLADOR (total custo mensual x nº meses e postos)
8	10	Ofi. albanel	848,17	141,36	989,53	989,53	84/d	38,30	378,99	1.368,52	12.316,68	123.166,80 €
8	3	Ofi. conducción	848,17	141,36	989,53	989,53	84/f	38,30	378,99	1.368,52	12.316,68	36.950,04 €
8	1	Ofi. fontaneiro	848,17	141,36	989,53	989,53	84/d	38,30	378,99	1.368,52	12.316,68	12.316,68 €
8	1	Oficial pintor	848,17	141,36	989,53	989,53	84/d	38,30	378,99	1.368,52	12.316,68	12.316,68 €
10	25	Peón construción	810,00	135,00	945,00	945,00	84/d	38,30	361,94	1.306,94	11.762,46	294.061,50 €
TOTAL	40											478.811,70 €

Dacordo co informe da Intervención Xeral Municipal de data 21/02/2023, que consta no expediente, o expediente que se está a tramitar que ten por finalidade solicitar ante a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia unha subvención para o financiamento da Memoria **“Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo III”**, é en tanto non se outorgue, non é un acto xerador de dereitos e obrigas con cargo ao orzamento, polo que, nun principio non é un acto suxeito a fiscalización previa, e a súa remisión a este servizo de fiscalización, tan só limitase a informar sobre a existencia de crédito para facer fronte aos compromisos do Concello se esta resultase beneficiada polas axudas, informándose de conformidade, achegándose os certificados de crédito que se solicitan.”

Por todo o anteriormente exposto, dacordo co informe da Intervención Xeral Municipal que obra no expediente, do disposto no artigo 109 da LPAC, polo que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos e de acordos, do disposto no artigo 127.g) da LMMGL e segundo as instrucións da Sra. Concelleira-Delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas mediante Decreto de Alcaldía e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 06/09/2022, elévase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

ÚNICO: Corrixir, de conformidade co artigo 109 da LPAC, o erro aritmético advertido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 23/02/2023, con respecto ás cotas empresariais á Seguridade Social dacordo co disposto na Orde PCM/74/2023, de 30 de xaneiro:

1.- Aprobar a memoria do servizo de *Desenvolvemento Local e Emprego*, **“Rehabilitación de lavadoiros da cidade de Vigo III”**, que se achegou no anexo I do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria de data 23/03/2023, para presentar á convocatoria de axudas e subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA para o ano 2023, e que se resume no cadro que se achega no Anexo I.



Concello de Vigo

2.- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de **478.811,70 €** para o desenvolvemento da memoria aprobada.

3.- Asumir as obrigas económicas que o Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos.

4.- Delegar na tenente de alcalde e concelleira de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, Dña Elena Espinosa Mangana, a representación do Concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

ANEXO I: Resumo de proxecto memoria do servizo:

Grupo Cotiza Seg. Soc.	Posto	Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado	Nº MESES: 9	TOTAL CUSTO TRABALLADOR (total custo mensual x nº meses e postos)
8	10	Ofi. albanel	848,17	141,36	989,53	989,53	84/d	38,30	378,99	1.368,52	12.316,68	123.166,80 €
8	3	Ofi. conducción	848,17	141,36	989,53	989,53	84/f	38,30	378,99	1.368,52	12.316,68	36.950,04 €
8	1	Ofi. fontaneiro	848,17	141,36	989,53	989,53	84/d	38,30	378,99	1.368,52	12.316,68	12.316,68 €
8	1	Oficial pintor	848,17	141,36	989,53	989,53	84/d	38,30	378,99	1.368,52	12.316,68	12.316,68 €
10	25	Peón construción	810,00	135,00	945,00	945,00	84/d	38,30	361,94	1.306,94	11.762,46	294.061,50 €
TOTAL	40											478.811,70 €

Xornada 75%

PRESUPOSTO E PARTIDA ORZAMENTARIA.

• 1532 2100000 MATERIAIS CONSTRUCIÓN E OBRAS	22.128,66€
• 2410 2210400 VESTIARIO PROGRAMAS DE EMPREGO	7.939,44€
• 2410 2210400 EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL	4.833,55€
• 2410 2040000 ARRENDAMENTO DE ELEMENTOS DE TRANSPORTE	11.900,00€
• 2410 2279913 FORMACIÓN	10.770,00€
• 2410 2260200 CARTEIS	450,00€
• 2410 1310006 INDEMNIZACIÓN	11.540,39€

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(214).- NOMEAMENTO INTERINO DUN TÉCNICO DE XESTIÓN, CON CARGO A PRAZA VACANTE, PARA ASESORÍA XURÍDICA. EXPTE. 41739/220.

Visto o informe de fiscalización do 14/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 13/03/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Consta no expediente solicitude da titular de asesoría xurídica conformada pola concellería delegada competente, e declaración responsable, solicitando coa maior urxencia posible a a cobertura da praza vacante da categoría profesional de técnica/o de xestión, e informe asinado pola técnica de administración xeral no que se indica a posibilidade de cobertura da praza vacante con cargo a OEP 2022;

II.- En data de sinatura electrónica, polo órgano municipal competente, á vista das solicitudes, e informes que obran no expediente, procedeu a ordenar que: *“pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á tramitación urxente de expediente administrativo para que polo procedemento legal oportuno, se proceda a atender á solicitude de persoal formulada, na modalidade oportuna.”*

III.- Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa de data 22/02/2023, existen unha/ un candidata/o en condicións de ser nomeada/o por presentar correctamente a documentación e aceptar o nomeamento.

IV.- Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto de data 08/03/2023, que inclúe a proposta de gasto para o nomeamento interino dunha/dun técnica/o de xestión (A2) con cargo á praza vacante incluída na OEP 2022(art. 10.1.a) do TREBEP).

VI.- En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”



Concello de Vigo

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales

para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa ***“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”*** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.

Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.”

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo para a incorporación dunha/dun técnico/o de xestión (A2) con cargo á praza vacante incluída na OEP 2022

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analoxía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional ofertada, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23.09.2022; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cód. 179 – Técnico/o de Xestión.



Concello de Vigo

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 27 do expediente) consta que:

“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación do expediente administrativo núm. 41.739/220 infórmase o seguinte:

- *Que sendo necesario o nomeamento interino dunha/dun técnica/o de xestión (A2), non existindo listas de reserva vixentes nesta categoría, recórrase a listaxe de reserva de técnicas/os medios en relacións laborais aprobadas pola Xunta de*

Goberno Local na sesión do 28 de abril de 2022, vixentes e con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os (expte. 39.781/220).

- Que verificadas as lista de reserva, na categoría de técnica/o de xestión (A2) constan no expediente administrativo as renuncias manifestadas por escrito dos seguintes candidatas/os: A. Fernández Portas con DNI núm.***2197** e E. Padín Mariño con DNI ***0365**, procedéndose ao chamamento do aspirante seguinte da lista.
- Que, salvo de erro ou omisión, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, procede o chamamento como técnica/o de xestión (A2), ao candidata/o que se relaciona a continuación e presentou a documentación requirida para o efecto:

Categoría: Técnica/o de Xestión		
NÚM. ORDE	DNI**	NOME E APELIDOS
1	***7920**	C. Míguez Da Costa

De todo o exposto, e suxeito á verificación técnica, deixase constancia para os estritos efectos do expediente administrativo de referencia.”

O/a aspirante interesado/a e dispoñible aceptou expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

VI. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 08/03/2023:

“O custo para 1 postos cod. 179-Técnico/a de Xestión, de iniciarse a súa relación o 01/04/2023 , con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2023:

S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
11.250,06	7.560,73	13.096,05	10.609,02	42.515,87

Polo que o custo total para de 1 Técnico de Xestión cod. 179 sería de 42.515,87 €.”

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.



Concello de Vigo

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

VIII. - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Decreto da Excma. Alcaldía de 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022.

IX.- PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario interino nos termos e condicións seguintes:

- *Categoría profesional: Técnica/o de Xestión*
- *Modalidade legal: funcionario interino para a cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP), con cargo á oferta de emprego correspondente ao ano 2022, salvo que proceda a súa amortización.*
- *Destino: Asesoría Xurídica*

- **Período temporal:** ata a provisión definitiva da praza e en **todo caso por un máximo de 3 anos**, consonte ao establecido no artigo 10.1, letra a) e 10.4 do TREBEP.
- **Custe económico:** O custo para 1 postos cod. 179-Técnico/a de Xestión, de iniciarse a súa relación o 01/04/2023, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2023:

S.Base	CD	CE	S.social empr.	Total
11.250,06	7.560,73	13.096,05	10.609,02	42.515,87

Polo que o custo total para de 1 Técnico de Xestión cod. 179 sería de 42.515,87 €."

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear como funcionaria/o interina/o con cargo a praza vacante, ata a provisión definitiva da praza co límite temporal máximo de 3 anos nos termos e condicións do establecido no artigo 10.4 do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, a nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, como Técnica/o de Xestión a/o candidata/o: *C. Míguez Da Costa* con DNI ***7920**, na súa condición de aspirante incorporada en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada laboral do efectivo nomeado desenvolverase no horario establecido pola Xefatura da Área ou Servizo, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes.

CUARTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, Xefatura da Asesoría Xurídica, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e persoal incluído no grupo 2, e ao Comité de Persoal aos efectos oportunos.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

ACORDO



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(215).- RESOLUCIÓN DO RECURSO INTERPOSTO CONTRA O ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23/12/2022 POLO QUE SE APROBOU A PROPOSTA DE CRITERIOS XERAIS, CONVOCATORIA E BASES REITORAS DOS PROCESOS DE ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELO DE VIGO POLO SISTEMA DE CONCURSO DE MÉRITOS. EXPTE. 41378/220.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/03/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Por resolución administrativa de data 05.04.2022 foi adxudicado contrato administrativo de servizos de consultoría e asistencia técnica especializada para a elaboración de proposta de Plan de Estabilización de Emprego temporal do Concello de Vigo, en apoio técnico especializado, adxudicado á empresa GALIVALIA CONSULTSGO, S.L. (expediente n.º 39.602/220) conformando obxecto do contrato, entre outras actuacións, as seguintes:

- Elaboración de estudo global de deseño de bases xerais e específicas de procesos selectivos a convocar en execución das actuacións previstas no Plan de Estabilización
- Elaboración dos cronogramas de xestión, así como seguemento e apoio á Área de Recursos Humanos e Formación no cumprimento dos mesmos
- Asistencia e asesoramento especializados na resolución de alegacións, recursos e reclamacións ao Plan de Estabilización que podan interpoñer as persoas interesadas ou os titulares de intereses lexítimos
- Asistencia e asesoramento especializados aos órganos de selección encargados da execución dos procesos selectivos de estabilización
- Apoio na sistematización, elaboración e remisión da información que poda ser solicitada polo Goberno do Estado, Comunidade Autónoma e/ou organismos delas dependentes, así como dos Xulgados e Tribunais, respecto dos procesos de estabilización do emprego temporal.

II.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente do 23 de decembro de 2022, adoptou o seguinte acordo: "Proposta de criterios xerais, convocatoria e bases reitoras dos procesos de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo polo sistema selectivo de concurso de méritos (expte 41378-220) (BOPPO nº 249 de 30 de decembro de 2022)

III.- En datas 24 e 31 de xaneiro de 2023 respectivamente, D. R. Riveiro Álvarez e D^a M. Rouco Vidal, presentan docs (230021301 e 230028840) presentan recurso de reposición contra o citado acordo.

IV.-. Consta no expediente informe de GALIVALIA CONSUTSGO , S.L. no que se conclúe que: "*Á vista das consideracións que se veñen de realizar, procede propoñer a*

desestimación dos Recursos potestativos de reposición formulados por Don Rafael Riveiro Álvarez e por Dona Ma Montserrat Rouco Vidal.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Con carácter previo resulta necesario deixar constancia de que o presente informe-xurídico emítase ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, conténdose no mesmo a interpretación razoada e fundada en Dereito –xurídica, doutrinal e xurisprudencialmente motivada- da funcionaria subscribinte, na súa condición de técnico de Administración Xeral (rama xurídica) do Concello de Vigo; interpretación xurídica debidamente razoada ou *argumentum ad iudicium* que, como toda interpretación, resulta susceptible de ser contradita ou debatida coa correspondente argumentación xurídica *a sensu contrario*.

II.- En canto á lexitimación para interpor o recurso de reposición, dispón o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local que, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin a vía administrativa, poderán os interesados exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo non obstante, interpor con carácter previo e potestativo recurso de reposición. No mesmo sentido o artigo 112 da Lei 39/2015 determina que conta as resolucións e os actos de trámite cualificados poderán interpoñerse polos interesados os recursos de alzada e potestativo de reposición.

Debe a priori recoñecerse aos recorrentes a necesaria lexitimación para impugnar os actos obxecto de recurso, dado que son posibles interesados ao poder presentarse ao proceso selectivo que deriva da convocatoria do proceso de estabilización.

O prazo de impugnación é de un mes (artigo 124 da lei 39/2015) dende a notificación ou publicación do acto ou acordo impugnado, prazo respetado polo Sr. Riveiro, en tanto que o 30 de decembro de 2022 foi publicado no BOPPO nº 247, o acordo da Xunta de Goberno Local polo que se aproban os criterios xerais, convocatoria e bases reitoras dos procesos de estabilización do emprego temporal do Concello de Vigo polo sistema selectivo de concurso de méritos, presentado o recurso o día 24 de xaneiro de 2023.

Sen embargo en relación ao recurso presentado pola Sra. Rouco, indicar que o mesmo foi interposto o día 31 de xaneiro, procedendo a inadmisión do recurso en base ao artigo 116 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, Lei de Procedemento das Administracións Públicas, establece como causas de inadmisión as seguintes:

Serán causas de inadmisión las siguientes:

- a) Ser incompetente el órgano administrativo, cuando el competente perteneciera a otra Administración Pública. El recurso deberá remitirse al órgano competente, de acuerdo con lo establecido en el artículo 14.1 de la Ley de Régimen Jurídico del Sector Público.
- b) Carecer de legitimación el recurrente.
- c) Trátase de un acto no susceptible de recurso.
- d) Haber transcurrido el plazo para la interposición del recurso.
- e) Carecer el recurso manifiestamente de fundamento.

III.- En canto ao fondo do asunto, se reproduce o informe de GALIVALIA anexo ao expte:



Concello de Vigo

“Cómpre comezar precisando que ditos recursos son analizadas conxuntamente, considerando a total similitude dos seus plantexamentos e argumentos. Polo tanto, unha vez recibidos, e analizados, os referidos recursos de reposición, nos que solicitan que “se establezca idéntica valoración de servicios efectivos prestados, como personal funcionario en Cuerpos o Escalas de personal funcionario o como personal laboral de cualquier Administración Pública, ante funciones idénticas a las del Cuerpo y Escala al que se pretende acceder; estableciendo criterios objetivos en caso de desempate y que no sean determinantes del resultado final del proceso adjudicando la plaza al ocupante actual de la misma.”, cabe realizar as seguintes consideracións:

Primeira.- A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, publicada no BOE no 312, de data 29 de decembro de 2021, veu a establecer un novo marco normativo co obxecto de autorizar un proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal, coa finalidade de reducir a taxa de temporalidade nas administracións públicas por debaixo do 8 por cento.

Deste xeito, o artigo 2.1 da referida Lei 20/2021, do 28 de decembro, autoriza unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluírá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, plantillas ou outra forma de organización de recursos humanos que estean contempladas nas distintas Administracións Públicas e estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

Así mesmo, a disposición adicional sexta da citada Lei 20/2021, do 28 de decembro, establece que as Administracións Públicas convocarán, con carácter excepcional e de acordo co previsto no artigo 61.6 e 7 do TREBEP, polo sistema de concurso, aquelas prazas que, reunindo os requisitos establecidos no artigo 2.1, estivesen ocupadas con carácter temporal de forma ininterrompida con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016.

Adicionalmente, a disposición adicional oitava da referida Lei 20/2021, do 28 de decembro, dispón que os procesos de estabilización contidos na disposición adicional sexta incluírán nas súas convocatorias as prazas vacantes de natureza estrutural ocupadas de forma temporal por persoal cunha relación, desta natureza, anterior ao 1 de xaneiro de 2016.

Segunda.- Que, co obxecto de dar cumprimento á referida normativa, en data 5 de decembro de 2022 se reuniu a Mesa xeral de negociación do Concello de Vigo, co propósito de someter a negociación colectiva os criterios xerais para o desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo derivados da Lei 20/2021. Os referidos criterios xerais foron negociados e acordados cos representantes dos traballadores.

Terceira.- En relación coa valoración da experiencia profesional, na base Décima das Bases xerais dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Vigo que se convocan polo sistema de concurso, establécese o seguinte:

“1.- Méritos profesionais (máximo 60 puntos):

a) Por servizos prestados no Concello de Vigo ou nos seus Organismos Autónomos no propio corpo, escala, subescala ou categoría ao que se desexa acceder: 0,60 puntos por

cada mes completo de servizos prestados con vinculación temporal, ata un máximo de 60 puntos.

b) Por servizos prestados no ámbito doutras Administracións Públicas no propio corpo, escala, subescala ou categoría ao que se desexa acceder: 0,30 puntos por cada mes completo de servizos prestados con vinculación temporal, ata un máximo de 60 puntos.”

Así, de conformidade co previsto na referida base Décima, se outorga un maior peso na valoración dos servizos prestados na propia administración convocante, respecto doutras administracións públicas. Co obxecto de fundamentar esta posibilidade de valoración, debemos traer a colación, en primeiro lugar, o Preámbulo da propia Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público; que dispón, de xeito expreso, o seguinte:

“(…) Sobre este concurso como proceso excepcional, cabe traer a colación la doctrina fijada por el Tribunal Constitucional sobre el principio de igualdad en el acceso a los cargos y empleos públicos (artículo 23.2 CE), que únicamente puede ser exceptuada por razones excepcionales y objetivas.

Además, este acceso ha de ordenarse de manera igualitaria en la convocatoria mediante normas abstractas y generales con el fin de preservar la igualdad ante la ley de la ciudadanía, lo que obliga al legislador y a la Administración a elegir reglas fundadas en criterios objetivos y presididos por los cánones de mérito y capacidad que el artículo 103.3 CE dispone (SSTC 67/1989, 27/1991 y 60/1994).

Entre las condiciones que, de acuerdo con la jurisprudencia constitucional, han de darse para que no quepa apreciar infracción alguna del principio de igualdad de acceso a cargos y empleos públicos del artículo 23.2 de la Constitución se encuentran, en primer lugar, que se trate de una situación excepcional; segunda, que sólo se acuda a este tipo de procedimientos por una sola vez, pues de otro modo se perdería su condición de remedio excepcional y tercero, que dicha posibilidad esté prevista en una norma con rango legal (STC 12/1999, de 11 de febrero de 1999)”.

Precisamente, nesta última sentenza establécese o seguinte:

“(…) El apartado 4, por su parte, dispone que «la calificación de los méritos se realizará de acuerdo con el siguiente baremo: a) Tiempo de servicios prestados para la Administración de Castilla y León por personal que a la entrada en vigor de esta Ley se encuentre en activo y con más de un año ininterrumpido de antigüedad. La puntuación por este apartado no podrá exceder de un 40 por 100 de la puntuación máxima total del concurso a razón de 0,30 puntos por mes.

b) Tiempo de servicios prestados en cualquier Administración Pública, en el territorio de la Comunidad de Castilla y León. La puntuación por este concepto no podrá exceder de un 15 por 100 de la puntuación máxima total del concurso a razón de 0,10 puntos por mes.

c) Tiempo de servicios prestados en otras Administraciones Públicas en el resto del territorio nacional. La puntuación por este apartado no podrá exceder de un 10 por 100 de la puntuación máxima total del concurso a razón de 0,05 puntos por mes.

d) Expediente académico y título de especialista. La puntuación por este apartado no podrá exceder de un 10 por 100 de la puntuación máxima total de concurso».



Concello de Vigo

“(…) El problema que se nos plantea ha dado lugar a una serie de Sentencias cuya doctrina hemos sistematizado y confirmado recientemente en la STC 16/1998. Recordábamos entonces [fundamento jurídico 5.o A)], con palabras de la STC 27/1991, que estos sistemas de acceso «han de considerarse como un procedimiento proscrito por el art. 23.2 C.E., si bien no cabe excluir que, en determinados casos excepcionales, la diferencia de trato establecida en la Ley en favor de unos y en perjuicio de otros pueda considerarse como razonable, proporcionada y no arbitraria a los efectos de la desigualdad de trato que establece, siempre que dicha diferenciación se demuestre como un medio excepcional para resolver una situación también excepcional, expresamente prevista en una norma con rango de ley y con el objeto de alcanzar una finalidad constitucionalmente legítima, entre las que se integra también la propia eficacia de la Administración». En particular, hemos entendido en esa misma Sentencia que estos sistemas no son contrarios al art. 23.2 de la Constitución si las normas que los establecen «contemplan medidas de carácter transitorio y excepcional para resolver una situación singular y derivada de un proceso único e irrepetible (...)”.

“(…) Ciertamente, el sistema de valoración de méritos cuestionado prima de manera muy notable los servicios prestados en la Administración sanitaria de la Comunidad Autónoma frente a los que lo hayan sido en otras Administraciones o en otras partes del territorio nacional. La excepcionalidad de la solución adoptada es, por tanto, menor que en aquellos supuestos en los que sencillamente se excluye del proceso selectivo a quienes no tengan una previa relación de servicio con la Administración convocante (...)”.

“(…) De otro lado, el trato de favor dispensado a los interinos, si bien genera importantes diferencias, éstas no son desproporcionadas, teniendo en cuenta que lo pretendido es, precisamente, primar los servicios prestados en la Administración autonómica, habida cuenta de la necesidad de resolver la situación excepcional generada por la creación de una Administración sanitaria propia (...)”.

A devandita sentenza xustifica a diferenza por servizos prestados entre as distintas Administracións Públicas, cunha diferenza por mes do triplo respecto as sitas no mesmo ámbito territorial da CCAA e ata o séxtuplo respecto ao resto do ámbito territorial nacional, baseadas precisamente na situación de excepcionalidade amparada expresamente nunha norma con rango de lei; tal e como acontece no presente proceso extraordinario de estabilización de emprego temporal, convocado ao amparo da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público. Cómpre sinalar, en todo caso, que a diferenza estipulada nas bases do Concello de Vigo é inferior ás diferenzas previstas nas bases analizadas pola citada Sentenza do Tribunal Constitucional no 12/1999.

En similares termos, a Sentenza do Tribunal Constitucional no 27/2012, de data 1 de marzo de 2012, considera:

“En determinados supostos extraordinarios considerouse acorde coa Constitución, que en procesos selectivos de acceso a funcións públicas establézase un trato de favor en relación a uns participantes respecto doutros. Esta excepción á regra xeral considerouse lexítima en supostos verdadeiramente singulares, nos que as especiais circunstancias dunha Administración e o momento concreto no que se celebraban estas probas, xustificaban a desigualdade de trato entre os participantes, beneficiando a aqueles que xa prestaran no pasado servizos profesionais en situación de interinidade na Administración convocante.

Estes supostos varían desde a celebración de probas restrinxidas (STC 27/1991, do 14 de febreiro) a probas nas que se primaba de maneira moi notable os servizos prestados na Administración...”

No mesmo senso, o Tribunal Superior de Xustiza de Madrid, na súa sentenza de data 20 de novembro de 2017 (rec. 214/2017) sinala:

“Los hoy apelantes, pretenden la retroacción de todo el proceso selectivo pen el que han participado para proveer plazas de oficial mecánico conductor del Ayuntamiento de Madrid, aprobadas por Decreto de 12 de junio de 2013, a la fase de concurso de la experiencia profesional de los aspirantes, a fin de que se puntúen dicho mérito (experiencia profesional) en condiciones de igualdad, toda vez que consideran que dichas bases, en cuanto que asignan 0,35 puntos por cada mes de servicios a los aspirantes que adquirieron experiencia en el Ayuntamiento de Madrid, frente a los 0,18 puntos que asignan a quienes lo hicieron en otras Administraciones Públicas, vulneran el artículo 23.2 de la Constitución. [...]

Argumentan también los apelantes que existe una actuación discriminatoria del Ayuntamiento de Madrid, que quiebra el principio de igualdad, pero ello no es así. Es cierto que el Tribunal constitucional ha señalado (STC 73/1998, de 31 de marzo (RTC 1998, 73)) que el derecho fundamental reconocido en el art. 23.2 CE (RCL 1978, 2836) exige que los procesos de acceso a la función pública tengan una serie de garantías invocables en el recurso de amparo constitucional, sin perjuicio de que también es doctrina consolidada, por todas STC 353/1993, de 29 de noviembre (RTC 1993, 353), que dicho precepto no confiere derecho sustantivo alguno a la ocupación de cargos ni a desempeñar funciones determinadas, sino que garantiza a los ciudadanos una situación jurídica de igualdad en el acceso a las funciones públicas, con la consiguiente imposibilidad de establecer requisitos para acceder a las mismas que tengan carácter discriminatorio; se otorga así un derecho de carácter reaccional para impugnar ante la justicia ordinaria, y en último extremo ante este Tribunal, toda norma o aplicación concreta de una norma que quiebre la igualdad.

Pero también ha declarado que es diferente el rigor e intensidad con que operan los principios de mérito y capacidad según se trate del inicial ingreso en la función pública o del ulterior desarrollo o promoción de la propia carrera administrativa, pues en el supuesto de provisión de puestos de trabajo entre personas que ya han accedido a la función pública y, por ende, acreditado los requisitos de mérito y capacidad, cabe tener en cuenta otros criterios distintos enderezados a lograr una mayor eficacia en la organización y prestación de los servicios públicos o a satisfacer otros bienes constitucionalmente protegidos (SSTC 192/1991 y 200/1991 (STC 365/1993, de 13 de diciembre (RTC 1993, 365) FJ 7), exigiéndose solamente dos requisitos cuando se trata de un proceso extraordinario de consolidación de empleo temporal: que no se excluyan la posibilidad de concurrencia de terceros y que no tengan una dimensión cuantitativa que rebase lo denominado como "límite de lo tolerable".

Pues bien, las bases del proceso que examinamos estimamos que reúnen dichas condiciones, sin que la relevancia cuantitativa otorgada a la experiencia profesional se pueda considerar desproporcionada o arbitraria, pues dicha valoración está en relación a la finalidad de provisión de las plazas de oficial mecánico conductor en ejecución del proceso extraordinario de consolidación del empleo temporal del personal funcionario del Ayuntamiento de Madrid.

Por todo lo expuesto, es preciso concluir que en esta instancia no se han desvirtuado los fundamentos de la sentencia impugnada y ello conduce a la desestimación de la apelación.”



Concello de Vigo

Por outra parte, a STS nº 878/2019 de data 24.06.2019 (n.o rec.1776/2016) establece expresamente:

“(2.o) No apreciamos, por outra parte, la infracción del artículo 23 de la Constitución que afirma el segundo de los motivos de casación ni tampoco que de la sentencia de esta Sala de 25 de abril de 2012 (casación 7091/2010) se siga que haya de apreciarse en las bases de la convocatoria una diferencia de tratamiento injustificada. En efecto, no parece arbitrario atribuir distinta puntuación a la experiencia previa en la Administración según se haya adquirido en la misma a la que pertenece la plaza convocada o a otra diferente. Aun pudiendo haber elementos comunes entre una y otra, no cabe duda de que no es el mismo el contexto organizativo y funcional correspondiente ni de que tampoco coinciden, en principio, las competencias y funciones ni la normativa a aplicar. Por lo tanto, mediando esas diferencias no es irrazonable que también difiera la puntuación. La prevista en el apartado a) de la base de referencia es de 0,224 puntos para la experiencia en la Administración de la Comunidad Autónoma y la contemplada en el apartado b) para la habida en otras Administraciones es de 0,056 puntos, o sea un 25% de la anterior.”

Deste xeito, non se pode obviar que a experiencia adquirida en distintas Administracións Públicas, supón que non estamos ante o mesmo contexto organizativo e funcional, o que necesariamente conleva que non exista unha coincidencia plena nas competencias, nos métodos de traballo e nas funcións e tarefas desenvolvidas.

Así mesmo, o Tribunal Superior de Xustiza de Murcia, na súa sentenza de data 05 de outubro de 2020 (rec. 243/2019), estableceu:

“Entrando en el examen de los motivos alegados respecto de las Bases Generales objeto de impugnación, entiende la parte apelante que las mismas vulneran los principios de mérito, capacidad e igualdad al ofertarse plazas sin existir igualdad de condiciones y no tener todos los aspirantes las mismas oportunidades. Es cierto que ser funcionario interino del Ayuntamiento de Murcia se valora con 0,30 puntos por mes trabajado, y que ese trabajo prestado en otra administración concede al participante en el concurso oposición 0,10 puntos. [...]

As presentes bases, xunto coa resolución da convocatoria, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, de forma complementaria, no apartado de emprego da Sede electrónica do Concello. Así mesmo, publicarase un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG) e no Boletín Oficial do Estado (BOE). A resolución da convocatoria, co nomeamento da persoa seleccionada, publicarase no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo.

Oitava.- Recursos.

Contra o presente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes con-

tado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpoñer recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses dende a mesma data, consonte o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Nomeamento dun policía local como funcionario en prácticas correspondente á Oferta de Emprego Público (OEP) 2020-2021. Expte. 41559/220.
- .- Expediente de contratación dos servizos para o desenvolvemento do Programa Verán Xove: actividades de conciliación familiar. Expte. 9643/336.
- .- Proposta de aprobación do proxecto modificado nº.1 das obras de “Humanización da rúa Aragón, Fase VI”. Expte. 957/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

18(217).- NOMEAMENTO DUN POLICÍA LOCAL COMO FUNCIONARIO EN PRÁCTICAS CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020-2021. EXPTE. 41559/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 21/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data de data 17/03/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:



Concello de Vigo

ANTECEDENTES:

I.- En data 30/05/2022 asínase convenio entre o Concello de Vigo e a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia para asunción polo Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local, e ás praza de auxiliares de policía local ou vixiantes municipais, polo que as ditas prazas pasarán a tramitarse na súa totalidade pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

II.- Con data 23/12/2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, adoptou o acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2020 -exped. 35213/220- (publicacións oficiais no BOP núm. 250 de data 30/12/2020 e rectificacións no BOP núm. 49 12/03/2021 e DOG núm. 261 30/12/2020 e núm. 68 de 13/04/2021).

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria de 23/12/2021, aprobou a oferta de emprego público municipal para o ano 2021 – exped. 37053/220-, (publicacións oficiais no BOP núm. 250 de 29/12/2021 e no DOG núm. 250 de 30/12/2021)- Resolución recurso de reposición contra o acordo de XGL de 23/12/2021 (BOP núm.76 21/04/2022 e DOG núm.120 23/06/2022)

III.- Con data 11/08/2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 153) a orde pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía. Esta convocatoria incluía 25 prazas de Concello de Vigo e se inclúen as bases que rexerán o proceso selectivo unitario convocado para o acceso e ingreso nos corpos da Policía Local de Galicia.

IV.- *Con data 13/01/2023 o Tribunal designado para cualificar o proceso emite a resolución pola que se aproban a listaxe de persoas que superaron o proceso en número non superior ao de prazas convocadas, e unha listaxe de reserva cun número de persoas aspirantes que será como máximo igual ao de persoas aprobadas. Na lista de reserva figurarán aquelas persoas aspirantes que, aínda que superaron as probas do proceso selectivo, non resultaron aprobadas por obteren unha puntuación inferior á da última persoa que obtivo praza.*

De acordo co establecido nas bases da convocatoria, con data 13 de xaneiro de 2023 o director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública convocou ás persoas aspirantes do proceso de acceso por oposición libre que figuran no Anexo da dita resolución ao acto de elección de praza. O dito acto tivo lugar o 20 de xaneiro de 2023 ás 09:30 na sede da Agasp.

Como resultado deste acto, a proposta das persoas designadas para ocupar as prazas vacantes do proceso de acceso por oposición libre no seu concello é a seguinte:

****4594*** MARTINEZ TROITIÑO A. J.**

****8841*** PENABADE COCIÑA J.**

****3796*** ADARRAGA MARTINEZ F.**

****5830*** RODRIGUEZ SANTIN P.**

****9188*** PEREIRA PICON M. E.**

V.- Por acordo de XGL de data 16/02/2023, acordouse o nomeamento como funcionario de carreira con cargo ás prazas vacantes ofertadas na Oferta de Emprego Público 2020-2021 de Policía local, pola quenda libre, aos aspirantes contidos na proposta remitida pola

AGASP. O nomeamento dos mesmos como funcionarios de carreira, foi publicado no DOG n.º 38 de data 23/02/2023.

Por acordo de XGL da mesma data, acordouse o nomeamento como funcionarios en prácticas aos aspirantes contidos na proposta remitida pola AGASP: "Proposta de nomeamento como funcionarios en prácticas do Concello de Vigo, categoría de policía, proceso de acceso por oposición libre", comunicada ao Concello de Vigo o 23 de xaneiro de 2023.

VI.- En data 28/02/2023 a través do Rexistro Xeral deste Concello, ten entrada doc. 230053198, presentado por *ADARRAGA MARTINEZ F, con DNI **3796****, no que solicita a súa declaración en situación de excedencia por prestación de servizos no sector público, optando por continuar en servizo activo no actual posto de policía local do Concello de Ourense.

VII.- A solicitude foi desestimada por Resolución da Concelleira delegada competente de data 28/02/2023, que resolvía: "**Primeiro.-** *Desestimar, en base a fundamentación xurídica que figura no informe que antecede, a solicitude de pase a situación administrativa de excedencia por prestación de servizos no sector público de ADARRAGA MARTINEZ F, con DNI **3796***, presentada en data 28/02/2023 a través do Rexistro Xeral deste Concello (doc. 230053198).*

Segundo.- *Dispoñer que deberá comparecer no Concello de Vigo, ao obxecto de formalizar a súa toma de posesión como funcionario de carreira deste Concello na praza de Policía o vindeiro 02/03/2023, indicándolle, que deberá acreditar a declaración da situación administrativa que proceda, de xeito tal que non se incorra en supostos de incompatibilidade, e aos efectos de garantir a correcta toma de posesión. .."*

VIII.- O Sr. Adarraga Martínez compareceu na Área de RRHH e Formación o día 2 de marzo de 2023 segundo a cita que lle foi notificada para aos efectos de toma de posesión dunha praza de policía local, incluída nas Oferta de Emprego Público 2020-2021, non formalizando a mesma por non acreditar "a declaración da situación administrativa que proceda, de xeito tal que non se incorra en supostos de incompatibilidade, e aos efectos de garantir a correcta toma de posesión"

IX.- En data 15/03/2023, o Sr. Adarraga presenta escrito (doc. nº 230067324) no que solicita: "*Se de por presentada mi renuncia al puesto de policía local del concello de Vigo obtenido por oposición libre en el proceso selectivo de la Academia Gallega de Seguridad Pública (Orden 26 de julio de 2022)*". Dita renuncia foi aceptada por Resolución da Concelleira delegada competente e comunicada á AGASP aos efectos do previsto artigo 9.3 da ORDE do 26 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convocan o proceso selectivo de acceso por oposición libre e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía.

X.- O día 17/03/2023 a AGASP remite ao Concello de Vigo Resolución da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública pola que se fai pública a adxudicación dunha praza do proceso de acceso por oposición libre nos corpos de policía local, escala básica, categoría de policía, convocado por Orde do 26 de xullo de 2022, que resolve:



Concello de Vigo

“Primeiro.: Aprobar a relación adicional da praza asignada do Concello de Vigo de acordo co previsto nas bases da convocatoria publicadas a través da Orde do 26 de xullo de 2022, como anexo a esta resolución

Segundo.: Comunicar e remitir ao Concello de Vigo a documentación completa das persoas para o seu nomeamento e toma de posesión.”

Igualmente se comunica que: *“Con data 16/03/2023 o director xeral da Agasp resolver adxudicar a praza que resultou vacante no Concello de Vigo á persoa á que lle corresponde de conformidade coa proposta do 13/01/2023 do tribunal do proceso.*

*A persoa á que se lle adxudica a praza é a seguinte: A. Barreiro Bernardez, con DNI ***5925* *”.*

XI.- Consta no expediente certificación emitida pola xefa do Servizo de Coordinación, Planificación e Selección da AGASP, segundo o cal A. Barreiro Bernárdez, cumpre os requisitos para o seu nomeamento como persoal funcionario en prácticas na categoría de Policía, escala básica do Corpo da Policía Local do Concello de Vigo segundo a normativa aplicable e de acordo co convenio asinado.

XII.- Consta documentación aportada polo Sr. Barreiro Bernárdez e informe de verificación previa.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Normativa de aplicación

A) -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se*

hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

B) No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policía locais, nos términos que estableza unha ley orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidad Autónoma de Galicia, se promulgou a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais. Ase mesmo é de aplicación o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais.

A base 9.3 da Orde de data 11 de agosto de 2022 publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG núm. 153) pola que se convocaba o proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía dispón que:



Concello de Vigo

“Unha vez acreditada a posesión dos requisitos exixidos, e inmediatamente antes do comezo do curso selectivo de formación, as persoas aspirantes serán nomeadas persoal funcionario en prácticas mediante resolución da correspondente alcaldía, que se publicará no Boletín Oficial da provincia (BOP).

As persoas así nomeadas permanecerán na dita situación dende o comezo do curso selectivo ata que se produza o seu nomeamento como persoa funcionaria de carreira ou a súa exclusión do proceso.

O curso selectivo de formación será convocado a través de resolución da Dirección Xeral da Agasp en que se indicará a data de inicio ...”

O apartado 9.4. relativo ao curso selectivo de formación: “As persoas aspirantes aprobadas deberán superar un curso selectivo de formación teórico-práctico na Agasp como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007, do 20 de abril, e o artigo 16 do Decreto 243/2008, do 16 de outubro.

Só estarán dispensadas de realizar o devandito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Agasp. En tal caso, serán nomeadas directamente persoal funcionario de carreira na categoría de policía.

No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Agasp, incluídas as probas de carácter extraordinario, perderá todos os dereitos alcanzados no proceso....”

II.- En data 15/03/2023, o Sr. Adarraga (nomeado funcionario de carreira por acordo de XGL de data 16/02/2023), presentou escrito (doc. nº 230067324) no que solicitaba: *“Se de por presentada mi renuncia al puesto de policía local del concello de Vigo obtenido por oposición libre en el proceso selectivo de la Academia Gallega de Seguridad Pública (Orden 26 de julio de 2022).”*

O apartado 9.3 da ORDE do 26 de xullo de 2022 pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convocan o proceso selectivo de acceso por oposición libre e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía: *“En caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou concorrencia de calquera outra causa que impida o nomeamento dunha persoa aspirante como persoal funcionario en prácticas ou prive de eficacia o nomeamento xa realizado, o concello comunicará esta circunstancia á Dirección Xeral da Agasp, que substituirá a persoa afectada pola primeira que figure na lista de reserva, sempre con anterioridade ao desenvolvemento do correspondente curso selectivo de formación.”*

Dita renuncia foi aceptada por Resolución da Concelleira delegada competente e comunicada á AGASP aos efectos do previsto artigo 9.3 da ORDE do 26 de xullo de 2022

pola que se aproban as bases xerais reguladoras e se convoca o proceso selectivo de acceso por oposición libre e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía.

O día 17/03/2023 a AGASP remite escrito no que comunica que: “Con data 16/03/2023 o director xeral da Agasp resolver adxudicar a praza que resultou vacante no Concello de Vigo á persoa á que lle corresponde de conformidade coa proposta do 13/01/2023 do tribunal do proceso.

A persoa á que se lle adxudica a praza é a seguinte: A. Barreiro Bernardez, con DNI ***5925* *.

III.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.
- c) La intervención material del pago.
- d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

IV.- Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por en Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de goberno local de 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022..



Concello de Vigo

V.- PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Nomear como persoal funcionario en prácticas ao aspirante A. Barreiro Bernardez, con DNI ***5925* *, de conformidade coa resolución do director xeral da AGASP pola que se adxudica a praza que resultou vacante no Concello de Vigo á persoa á que lle corresponde de conformidade coa proposta do 13/01/2023 do tribunal do proceso selectivo.

SEGUNDO.- Dispoñer que a persoa nomeada deberá superar o curso selectivo de formación teórico-práctico previsto na base 9.4 da convocatoria (Orde 11 de agosto de 2022 -DOG núm. 153) como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica. No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso perdendo todos os dereitos alcanzados.

TERCEIRO.- Proceder a publicación na BOPPO e notificar o presente acordo á persoa interesada, á AGASP, á Intervención Xeral Municipal, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(218).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR. EXPTE. 9643/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Vistos os informes xurídicos do 20/03/2023 e 22/03/2023 e o informe de fiscalización de data 22/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 22/03/2023, asinado pola xefa de Xuventude, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Este informe-proposta redáctase de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais.

- Co presente contrato se pretende realizar o desenvolvemento do programa “**VERÁN XOVE: ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN FAMILIAR**” que abarca actividades de educación non formal, de carácter cultural, deportivas, de tempo libre e ambientais, para os/as nenos/as e xoves en período de vacacións escolares de verán para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral das familias.

- Trátase de realizar a programación e execución de 3.800 prazas de actividades de educación non formal, de carácter cultural, deportivas, de tempo libre, ambientais, e outras que poidan estar vinculadas á temática de campamentos urbanos de tempo libre en período de vacacións de verán

- O procedemento a empregar na contratación do servizo será o aberto con múltiples criterios de adxudicación e a tramitación urxente con división en lotes.

- Para a execución deste contrato establece os seguintes **LOTES**:

LOTE 1. Campamento verán 1. Alcabre e praia. 250 participantes.

LOTE 2. Campamento verán 2. Berbés. 250 participantes.

LOTE 3. Campamento verán 3. Centro cidade. 250 participantes.

LOTE 4. Campamento verán 4. Pavillón de Coia. 325 participantes.

LOTE 5. Campamento verán 5. NÁUTICO 1. 400 participantes.

LOTE 6. Campamento verán 6. NÁUTICO 2. 325 participantes.

LOTE 7. Campamento verán 7. NAVIA. 325 participantes.

LOTE 8. Campamento verán 8. Samil e praia.. 250 participantes.

LOTE 9. Campamento verán 9. Vigosónico. 325 participantes.

LOTE 10. Campamento verán 10. Vigozoo. 250 participantes.

LOTE 11. Campamento verán 11. 250 participantes.

LOTE 12. Campamento verán 12. Travesas. 500 participantes.

LOTE 13. Campamento verán 13. Vigozoo albergue con pernocta. 100 participantes.

- **O orzamento base de licitación** é de 541.058,64 € para o ano 2023 e contemplando tres (3) anos de prórrogas.

- **O valor estimado do contrato** (Art. 101.1.a) LCSP) calculouse tendo en conta o seu importe total, incluídas as prórrogas – IVE, resultando un valor de **1.967.486€**.

- Para a súa determinación tivéronse en conta os conceptos indicados no Art. 101.2 da LCSP.

- O importe para a presente licitación poderá tramitarse con cargo ás aplicacións orzamentarias do orzamento municipal:

- **3370 227 9912**. Campamentos do verán. Por importe de 368.000€, dos que 118.000€ serán con cargo ao Proxecto 22337002.



Concello de Vigo

- **3370 226 0902 (Proxecto 22337002)** Actividades de prevención familiar e comunitaria por importe de 44.508 € e 125.450€ con cargo a remanentes.
 - **3370 227 9903 (Proxecto 22337002)** Prestación de servizos por importe de 3.100,64€ con cargo a remanentes consumindo crédito da partida.
- O contrato abonarase con cargo á aplicación vixente e remanente arriba indicada do presuposto municipal, na que existe existe crédito suficiente.

O expediente será preceptivo que sexa informado favorablemente polo Servizo de Asesoría Xurídica do Concello.

Por todo elo , **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

“1º.- Autorizar o gasto de 541.058,64 € correspondente ao orzamento base de licitación do **Programa Verán Xove: actividades de conciliación familiar**, para a contratación da xestión do proxecto de organización e prestación de servizos para un total de 3.800 prazas de actividades para o verán 2023.

O orzamento para o ano 2023 imputarase ás partidas orzamentarias :

3370 227 9912. Campamentos do verán, por importe de 368.000€, dos que 118.000€ serán con cargo ao Proxecto 22337002.

3370 226 0902 (Proxecto 22337002) Actividades de prevención familiar e comunitaria por importe de 44.508 € e 125.450€ con cargo a remanentes.

3370 227 9903 (Proxecto 22337002) Prestación de servizos por importe de 3.100,64€ con cargo a remanentes consumindo crédito da partida.; coa seguinte distribución orzamentaria nos seguintes LOTES:

LOTES	PREZO SEN IVE
LO LOTE 1	31.698,99 €
LO LOTE 2	31.698,99 €
LO LOTE 3	31.698,99 €
LO LOTE 4	42.062,13 €
LO LOTE 5	49.182,09 €
LO LOTE 6	37.186,25 €
LO LOTE 7	42.062,13 €
LO LOTE 8	31.698,99 €
LO LOTE 9	42.062,13 €
LO LOTE 10	31.698,99 €
LO LOTE 11	31.698,99 €

LOTE 12	54.046,52 €
LOTE 13	35.076,31 €
TOTAL	491.871,50€

2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión do Programa Verán Xove: Actividades de conciliación familiar, para un total de 3.800 prazas no verán 2023 de data 22 de marzo 2023, así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 27 de febreiro e a Memoria xustificativa do contrato de data 20 de marzo 2023.

3º.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente” .

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(219).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº.1 DAS OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI”.957/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 17/03/2023 e informe de fiscalización do 23/03/2023, dáse conta do informe-proposta de data 16/03/2023, asinado polo técnico de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Antecedentes.

1º.-A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 10 de xullo de 2021, adoptou o seguinte acordo: *“Aprobar o proxecto de HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI”, proxecto redactado polo Arquitecto D. José Ignacio Buján Díaz, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS SETENTA MIL EUROS (570.000,00€) e sinatura dixital de data 1 de xuño de 2021.”.* (Expte. 4921-443).

2º.- Con data do 12 de agosto de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:entre outros, aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI”, e aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 23.07.2021.

3º.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18 de novembro de 2021, adoptou o seguinte acordo: *“Adxudicar a AVAN INTEGRAL, S.L. (B-36.922.144), o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI” (957-441) coas seguintes condicións por un prezo total de 494.076,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 85.748,73 euros. Todo iso de*



Concello de Vigo

acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

4º.- O Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e servizos en data 26 de xaneiro de 2022, (en virtude das delegacións do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e acordos da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 e de data 24 de xuño de 2021), acordou aprobar o nomeamento como titular da Dirección Facultativa da obra de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI” (957-441) á Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Dña. Mª Francisca Arlandis Marra”. (tte.6 do expediente de execución da obra 5421-443).

5º.- En data 31 de xaneiro de 2022 procedeuse á sinatura da Acta de comprobación de replanteo de resultado negativa por falta de cumprimentación de diversos trámites de carácter administrativo. (tte.49 do expediente de execución da obra 5421-443).

6º.- En data 2 de febreiro de 2022, o Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, resolve ampliar a dirección facultativa das obras, quedando como titulares da mesma, a Enxeñeira Técnica de Obras Públicas, Dña, Mª FRANCISCA ARLANDIS MARRA e a Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. FÁTIMA MARTÍNEZ GIRÁLDEZ. (tte.17 do expediente de execución da obra 5421-443).

7º.- En data 1 de xullo de 2022, procédese á sinatura da Acta de comprobación de replanteo positiva, dando comezo as obras ao día seguinte. (tte.80 do expediente de execución da obra 5421-443).

8º.- Con data 30 de setembro de 2022, a Dirección facultativa da obra emite informe no que se solicita o inicio do expediente de modificación do proxecto de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI”.

9º.- En data 4 de outubro de 2022, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, resolveu aprobar o inicio do expediente de modificación do proxecto de obras de “HUMANIZACIÓN RÚA ARAGÓN. FASE VI”.

10º.- En data 4 de novembro de 2022, procédese á sinatura da Acta de Suspensión Temporal das obras pola necesidade de tramitación da modificación do proxecto. (tte.94 do expediente de execución da obra 5421-443).

11º.- En data 25 de novembro de 2022, procédese á sinatura da acta de reinicio parcial da obra para realización de actuacións puntuais de protección dunha zona de obra afectada pola climatoloxía adversa. (tte.96 do expediente de execución da obra 5421-443).

Finalizadas ditas actuacións, asínase acta de comunicación da finalización das mesmas en data 2 de decembro de 2022, polo que as obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI” permanecen suspendidas dende a citada data. (tte.98 do expediente de execución da obra 5421-443).

12º.- Pola dirección facultativa da obra, en datas 9 e 10 de febreiro de 2023, emítese informe técnico xustificativo do proxecto modificado nº1 das obras “HUMANIZACIÓN RÚA ARAGÓN. FASE VI”, e que consta no expediente, no que se describen as modificacións propostas no proxecto modificado nº1:

“(…)

II.- MODIFICACIÓNS

Neste apartado inclúense as modificacións contidas no proxecto modificado nº.1:

II.1.- Modificacións derivadas das condicións das redes de servizos diferentes da recollida en proxecto.

Unha vez comezada a obra e avanzadas as demolicións, compróbase que a canalización e liñas eléctricas discorren na vertical do resto de instalación soterradas, as cales son obxecto de renovación no proxecto, polo que dita rede vese afectada polos traballos de apertura de gabias e escavación para a renovación do resto de servizos, especialmente no caso da rede unitaria de saneamento e pluviais, debido tanto á súa localización como ás profundidades proxectadas.

Seguindo as recomendacións indicadas no Documento de Información de Riscos (DIR11) subministrado por UFD, para garantir a seguridade fronte ao risco por contacto eléctrico establécense unha serie de raios e distancias mínimas de seguridade en función dos medios para a apertura de gabias. Considerase por tanto necesario habilitar un sostemento da liña de media tensión durante os traballos de renovación do resto de redes de servizos obxecto do proxecto, e realizar as modificacións oportunas nas redes correspondentes para evitar a interacción coa rede eléctrica:

- *Co obxectivo de minimizar os traballos nas inmediacións da rede de media tensión, considerase necesario executar a nova rede de abastecemento sen levantamento da canalización antiga, en paralelo a existente, realizando os bypass correspondentes para a correcta conexión e funcionamento da rede.*
- *No caso do saneamento, en vista da proximidade da rede de media tensión, estúdanse as opcións para minimizar o contacto e posible afección a esta rede, polo que, nas zonas onde o espazo dispoñible non garante o cumprimento das distancias de seguridade, procederase a renovar a rede con tubaxe de diámetro 315mm instalada no interior da sección de 400mm existente e protección con inxección de morteiro en todo o perímetro.*

Asemade, a devandita rede de media tensión atópase a pouca profundidade respecto da cota real de beirarrúa, polo que seguindo as recomendacións da compañía subministradora, por motivos de seguridade, é necesario proceder á protección da liña mediante chapas metálicas e marcaxe mediante cinta identificativa.

Por outra banda, avanzadas as tarefas de escavación de gabias, obsérvase que a canalización semafórica presenta numerosos tramos deteriorados, o que pon en risco a integridade do cableado que discorre no seu interior, polo que é necesario proceder á súa substitución e renovación.

En consecuencia, vense alterados por estas modificacións os seguintes capítulos e subcapítulos do orzamento:

Capítulo 02. Movemento de terras.

Capítulo 04. Instalacións.

Subcapítulo 04.1. Abastecemento.



Concello de Vigo

Subcapítulo 04.2. Saneamento.

Capítulo 05. Sinalización e semaforización.

III.- OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN

En relación ás modificacións citadas indicar que no apartado 6C das FEC (Follas Es-pecíficas do Contrato) do PCAP reitor do contrato, enuméranse as circunstancias que deter-minan a modificación, contemplándose as seguintes:

- > Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.*
- > Necesidades de adaptación ao entorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.*

Tendo en conta o anterior, indicar que todas as modificacións recollidas no presente proxecto modificado n.º 1 xorden a causa de circunstancias previstas no PCAP da licitación, segundo o citado anteriormente; pero nalgúns casos obrigan á introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato nos seguintes capítulos.

- Capítulo 02. Movemento de terras*
- Capítulo 04. Instalacións*
- Capítulo 04.2. Saneamento*

Polo que ditas modificacións non se axustan ó establecido no artigo 204 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a dita causas obxectiva.

Asemade, ditas modificacións non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15 % do prezo inicial do contrato nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.

O resto das modificacións recollidas no proxecto modificado axústanse ao establecido no artigo 204 da LCSP de modificacións previstas no PCAP reitor do contrato.

IV.- PROPOSTA DE VARIACIÓN DE UNIDADES DO PROXECTO RELATIVO ÚNICAMENTE A ALTERACIÓN DAS MEDICIÓNS REAIS EXECUTADAS

O artigo 160.2 da RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas indica:

- IV. Só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 por 100 do prezo primitivo do contrato, imposto sobre o valor engadido excluído.
- V. As variacións mencionadas no punto anterior, respectando en todo caso o límite previsto nel, iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e deberán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais, conforme o prescrito no artigo 145 da lei, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que alude a disposición adicional décimo cuarta da lei, na certificación final á que se refire o artigo 147.1 da lei, unha vez cumpridos os trámites sinalados no artigo 166 desde regulamento. Non obstante, cando con posterioridade ás mesmas **houbera necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no artigo 146 da lei, deberán ser recollidas tales variacións na proposta que se elabore, sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada**”.

Recóllense polo tanto no presente proxecto modificado nº1 as variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento/diminución de medición das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP.

V.- DESGLOSE DE MODIFICACIÓNS E VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS DO ORZAMENTO

Nos seguintes puntos sinálanse as modificacións estruturadas nos capítulos establecidos no Orzamento do Proxecto.

Capítulo 01. Actuacións previas: Mantense o importe do proxecto orixinal.

Capítulo 02. Movemento de terras:

Inclúense neste capítulo (3) novas unidades de obra para a definición dos medios precisos para o sostemento e protección da liña de media tensión, motivadas polas condicións das redes de servizos diferentes das recollidas en proxecto.

- Unidades de obra non contempladas no proxecto con prezos contemplados no anexo V “Cadro de prezos unitarios a aplicar en caso de modificación ao contrato” do PCAP reitor do contrato.
- Unidades de obra non contempladas no proxecto con prezos non contemplados no anexo V “Cadro de prezos unitarios a aplicar en caso de modificación ao contrato” do PCAP reitor do contrato.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto supón:



Concello de Vigo

				PROYECTO CONSTRUCTIVO			PROXECTO MODIFICADO Nº1			DIFERENZA		
				Cantidad	Precio E.M.	Importe E.M.	Cantidad	Precio E.M.	Importe E.M.			
02		MOVIMIENTO DE TIERRAS		1	16.263,20	16.263,20	1	64.654,15	64.654,15	48.390,95		
EXCZJAB1	m ³	EXCAVACION EN ZANJAS Y POZOS		1.245,46	7,57	9.428,13	1.245,46	7,57	9.428,13	0,00		
D02TF351	m ³	RELLENO C/APORTE		871,82	7,84	6.835,07	871,82	7,84	6.835,07	0,00		
M1_SST	m ²	SOSTENIMIENTO LÍNEA MT				0,00	232,84	93,17	21.693,70	21.693,70		
M1_PTMT	m ²	PROTECCIÓN LÍNEA MT				0,00	232,84	58,44	13.607,17	13.607,17		
E01AE040	m ²	ENTIBACIÓN CUAJADA ZANJA <6 m PANEL ACERO				0,00	698,51	18,74	13.090,08	13.090,08		
		02		1	16.263,20	16.263,20	1	64.654,15	64.654,15	48.390,95		
				PROYECTO CONSTRUCTIVO			ART. 205			ART 204		
				Cantidad	Precio E.M.	Importe E.M.	Cantidad	Precio E.M.	Importe E.M.	Cantidad	Precio E.M.	Importe E.M.
02		MOVIMIENTO DE TIERRAS		1	16.263,20	16.263,20	1	35.300,87	35.300,87	1	13.090,08	13.090,08
EXCZJAB1	m ³	EXCAVACION EN ZANJAS Y POZOS		1.245,46	7,57	9.428,13	0,00	7,57	0,00	0,00	7,57	0,00
D02TF351	m ³	RELLENO C/APORTE		871,82	7,84	6.835,07	0,00	7,84	0,00	0,00	7,84	0,00
M1_SST	m ²	SOSTENIMIENTO LÍNEA MT				0,00	232,84	93,17	21.693,70	0,00	93,17	0,00
M1_PTMT	m ²	PROTECCIÓN LÍNEA MT				0,00	232,84	58,44	13.607,17	0,00	58,44	0,00
E01AE040	m ²	ENTIBACIÓN CUAJADA ZANJA <6 m PANEL ACERO				0,00	0,00	18,74	0,00	698,51	18,74	13.090,08
		02		1	16.263,20	16.263,20	0,00	35.300,87	35.300,87	0,00	13.090,08	13.090,08

Capítulo 04. Instalacións:

Inclúense neste capítulo dúas (2) novas unidades de obra, para a renovación da rede de saneamento (diámetro 315 mm) , motivado polas condicións das redes de servizos diferentes das recollidas en proxecto.

- Unidades de obra non contempladas no proxecto con prezos contemplados no anexo V "Cadro de prezos unitarios a aplicar en caso de modificación ao contrato" do PCAP reitor do contrato.

Código	Ud	Descrición	Medición	Precio E.M.	Importe E.M.
E03OEP160	m	TUBO PVC PARED COMPACTA JUNTA ELÁSTICA SN4 COLOR TEJA 315 mm	122,76	66,44	8.156,17

- Unidades de obra non contempladas no proxecto con prezos non contemplados no anexo V "Cadro de prezos unitarios a aplicar en caso de modificación ao contrato" do PCAP reitor do contrato.

Código	Ud	Descrición	Medición	Precio E.M.	Importe E.M.
M1_TB315	m	ENTUBADO TUBO 315 mm (Incluso hormigon)	99,45	62,17	6.182,81

Asemade, inclúense as variacións nas unidades de obra motivadas polas condicións das redes de servizos diferentes das recollidas en proxecto, así como as variacións necesarias para axustarse á realidade da obra.

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto supón:

		PROYECTO CONSTRUCTIVO			PROYECTO MODIFICADO Nº1			DIFERENZA
		Cantidad	Precio E.M.	Importe E.M.	Cantidad	Precio E.M.	Importe E.M.	
04	INSTALACIONES							
04.1	ABASTECIMIENTO	1,00	32.718,98	32.718,98	1,00	30.691,57	30.691,57	-2.027,41
ARRTBABEX	m LEVANTADO DE TUBERIA EXISTENTE	329,66	6,15	2.027,41	0,00	6,15	0,00	-2.027,41
D36QA005	Ud BOCA RIEGO	9,00	182,28	1.640,52	9,00	182,28	1.640,52	0,00
D36RC005	Ud ACOMETIDA DOMICILIARIA	15,00	189,19	2.837,85	15,00	189,19	2.837,85	0,00
D03DA006	ud ARQUETA REGISTRO 63x63x80 cm	5,00	155,62	778,10	5,00	155,62	778,10	0,00
CON1	PA PA CONEXIONES A RED EXISTENTE	1,00	2.000,00	2.000,00	1,00	2.000,00	2.000,00	0,00
COOR1	ud CORRECCION TAPAS	5,00	27,69	138,45	5,00	27,69	138,45	0,00
D36OE010	m TUBERÍA FUNDICIÓN D=150 mm	329,66	46,32	15.269,85	329,66	46,32	15.269,85	0,00
D36PE150	Ud VÁLVULA DE COMPUERTA DN=150 mm	9,00	661,79	5.956,11	9,00	661,79	5.956,11	0,00
D36OE005	m TUBERÍA FUNDICIÓN D=100 mm	9,00	28,25	254,25	9,00	28,25	254,25	0,00
D36QD008	Ud HIDRANTE DE ARQUETA D=100 mm	2,00	908,22	1.816,44	2,00	908,22	1.816,44	0,00
	04.1	1,00	32.718,98	32.718,98	1,00	30.691,57	30.691,57	-2.027,41
04.2	SANEAMIENTO	1,00	54.938,58	54.938,58	1,00	42.112,84	42.112,84	-12.825,74
ARRTBABEX	m LEVANTADO DE TUBERIA EXISTENTE	297,21	6,15	1.827,84	197,76	6,15	1.216,22	-611,62
D36UJ101	ud CORRECCIÓN TAPA POZO REGISTRO	10,00	27,69	276,90	10,00	27,69	276,90	0,00
D36UA010	ud POZO DE REGISTRO D=100 H= <3,1 m	15,00	372,24	5.583,60	15,00	372,24	5.583,60	0,00
D36UA015	ud POZO DE REGISTRO D=100 H= >3,1 m	14,00	457,79	6.409,06	14,00	457,79	6.409,06	0,00
D36UA017	ud POZO DE REGISTRO D=100 H> 4,0 m	1,00	579,20	579,20	1,00	579,20	579,20	0,00
D36SE220	m TUBERIA PVC 400 mm	607,66	49,85	30.291,85	75,00	49,85	3.738,75	-26.553,10
D36SE210	m TUBERIA PVC 250 mm	173,00	17,28	2.989,44	173,00	17,28	2.989,44	0,00
IMBSIF54	Ud IMBORNAL SIFÓNICO CON REJILLA	16,00	371,31	5.940,96	16,00	371,31	5.940,96	0,00
D03AI101	m TUBERÍA DRENAJE PVC TAMIZADO D=110 mm	86,50	12,02	1.039,73	86,50	12,02	1.039,73	0,00
E03OEP160	m TUBO PVC PARED COMPACTA JUNTA ELÁSTICA SN4 COLOR TEJA 315 mm	0,00	66,44	0,00	122,76	66,44	8.156,17	8.156,17
M1_TB315	m ENTUBADO TUBO 315 mm (Incluso hormigon)	0,00	59,20	0,00	99,45	62,17	6.182,81	6.182,81
	04.2	1,00	54.938,58	54.938,58	1,00	42.112,84	42.112,84	-12.825,74
04.3	ALUMBRADO PÚBLICO	1,00	56.786,39	56.786,39	1,00	60.486,91	60.486,91	3.700,52
ELCU2000	ud ELECTRODO TIPO PICA Cu2000x14.6 mm	7,00	15,70	109,90	7,00	15,70	109,90	0,00
ALUMPROV	PA ALUMBRADO PROVISIONAL	1,00	3.500,00	3.500,00	1,00	3.500,00	3.500,00	0,00
DSMTALEX	PA DESMONTAJE ALUMBRADO EXISTENTE	1,00	2.500,00	2.500,00	1,00	2.500,00	2.500,00	0,00
DADOCIM	ud DADO DE CIMENTACION	12,00	94,92	1.139,04	12,00	94,92	1.139,04	0,00
PTLZPAT73	ud PUNTO DE LUZ EN PASO PARA PEATONES	4,00	574,68	2.298,72	4,00	574,68	2.298,72	0,00
TUSUINOX01	m TUBERÍA ACERO INOX D=50 mm	4,00	42,23	168,92	4,00	42,23	168,92	0,00
CANCORRU1	m CANALIZACION CORRUGADA EN ACERAS	325,40	7,95	2.586,93	325,40	7,95	2.586,93	0,00
CANCORRU2	m CANALIZACION CORRUGADA EN CRUCE CALZADAS	20,00	15,76	315,20	20,00	15,76	315,20	0,00
HORCRUCE1	m³ HORMIGÓN REFUERZO CRUCES CALZADA	5,85	77,85	455,42	5,85	77,85	455,42	0,00
COLUMMIRA	ud COLUMNA MIRAEBRO O SIMILAR 5m	4,00	498,48	1.993,92	4,00	498,48	1.993,92	0,00
COOR1	ud CORRECCION TAPAS	4,00	27,69	110,76	4,00	27,69	110,76	0,00
lina1336	m LÍNEA DE ALUMBRADO PUBLICO 4X6mm + 1X16 mmTT	362,00	16,06	5.813,72	362,00	16,06	5.813,72	0,00
CONJLUM1	ud CONJUNTO ATLAS INOX 9 MTS+2 PROYECTORES VISO LED O SIMILAR	1,00	3.617,29	3.617,29	1,00	3.617,29	3.617,29	0,00
CONJLUM2	ud CONJUNTO ATLAS INOX 9MTS+2L BASIC LED O SIMILAR	8,00	3.700,52	29.604,16	9,00	3.700,52	33.304,68	3.700,52
D38KT010	ud ARQUETA DERIVACIÓN 400x400x600 mm	9,00	136,70	1.230,30	9,00	136,70	1.230,30	0,00
D38KT500	ud ARQUETA DERIVACIÓN 500X500X600 mm	4,00	144,69	578,76	4,00	144,69	578,76	0,00
D38KT600	ud ARQUETA DERIVACIÓN 600X600X600 mm	5,00	152,67	763,35	5,00	152,67	763,35	0,00
	04.3	1,00	56.786,39	56.786,39	1,00	60.486,91	60.486,91	3.700,52
	04	1	144.443,95	144.443,95	1,00	133.291,32	133.291,32	-11.152,63

Inclúese a continuación un cuadro resume coas partidas nas que se desglosan as variacións segundo o artigo 204, 205 e 242.4 i) da LCSP.



Concello de Vigo

PROYECTO CONSTRUCTIVO				ART. 205			ART 204			ART 242.4I		
				Cantidad	Precio E.M.	Importe E.M.	Cantidad	Precio E.M.	Importe E.M.	Cantidad	Precio E.M.	Importe E.M.
04	INSTALACIONES											
04.1	ABASTECIMIENTO			1,00	32.718,98	32.718,98	1,00	0,00	0,00	1,00	-2.027,41	-2.027,41
ARRTBABEX	m	LEVANTADO DE TUBERIA EXISTENTE		329,66	6,15	2.027,41	0,00	6,15	0,00	1,00	-2.027,41	-2.027,41
D36QA005	ud	BOCA RIEGO		9,00	182,28	1.640,52	0,00	182,28	0,00	0,00	182,28	182,28
D36RC005	ud	ACOMETIDA DOMICILIARIA		15,00	189,19	2.837,85	0,00	189,19	0,00	0,00	189,19	189,19
D03DA006	ud	ARQUETA REGISTRO 63x63x80 cm		5,00	155,62	778,10	0,00	155,62	0,00	0,00	155,62	155,62
CON1	PA	PA CONEXIONES A RED EXISTENTE		1,00	2.000,00	2.000,00	0,00	2.000,00	0,00	0,00	2.000,00	2.000,00
COOR1	ud	CORRECCION TAPAS		5,00	27,69	138,45	0,00	27,69	0,00	0,00	27,69	27,69
D36OE010	m	TUBERIA FUNDICIÓN D=150 mm		329,66	46,32	15.269,85	0,00	46,32	0,00	0,00	46,32	46,32
D36PE150	ud	VÁLVULA DE COMPUERTA DN=150 mm		9,00	661,79	5.956,11	0,00	661,79	0,00	0,00	661,79	661,79
D36OE005	m	TUBERIA FUNDICIÓN D=100 mm		9,00	28,25	254,25	0,00	28,25	0,00	0,00	28,25	28,25
D36QD008	ud	HIRANTE DE ARQUETA D=100 mm		2,00	908,22	1.816,44	0,00	908,22	0,00	0,00	908,22	908,22
		04.1		1,00	32.718,98	32.718,98	0,00	0,00	0,00	1,00	-2.027,41	-2.027,41
04.2	SANEAMIENTO			1,00	54.938,58	54.938,58	1,00	5.571,19	5.571,19	1,00	-6.659,75	-6.659,75
ARRTBABEX	m	LEVANTADO DE TUBERIA EXISTENTE		297,21	6,15	1.827,84	-99,45	6,15	-611,62	0,00	6,15	0,00
D36UJ101	ud	CORRECCIÓN TAPA POZO REGISTRO		10,00	27,69	276,90	0,00	27,69	0,00	0,00	27,69	27,69
D36UA010	ud	POZO DE REGISTRO D=100 H= <3,1 m		15,00	372,24	5.583,60	0,00	372,24	0,00	0,00	372,24	372,24
D36UA015	ud	POZO DE REGISTRO D=100 H= >3,1 m		14,00	457,79	6.409,06	0,00	457,79	0,00	0,00	457,79	457,79
D36UA017	ud	POZO DE REGISTRO D=100 H> 4,0 m		1,00	579,20	579,20	0,00	579,20	0,00	0,00	579,20	579,20
D36SE220	m	TUBERIA PVC 400 mm		607,66	49,85	30.291,85	0,00	49,85	0,00	-297,21	49,85	-14.815,92
D36SE210	m	TUBERIA PVC 250 mm		173,00	17,28	2.989,44	0,00	17,28	0,00	0,00	17,28	17,28
IMBSIF54	ud	IMBORNAL SIFÓNICO CON REJILLA		16,00	371,31	5.940,96	0,00	371,31	0,00	0,00	371,31	371,31
D03A1101	m	TUBERIA DRENAJE PVC TAMIZADO D=110 mm		86,50	12,02	1.039,73	0,00	12,02	0,00	0,00	12,02	12,02
E030EP160	m	TUBO PVC PARED COMPACTA JUNTA ELÁSTICA SN4 COLOR TEJA 315 mm		0,00	66,44	0,00	0,00	66,44	0,00	122,76	66,44	8.156,17
M1_TB315	m	ENTUBADO TUBO 315 mm (Incluso hormigon)		0,00	59,20	0,00	99,45	62,17	6.182,81	0,00	62,17	0,00
		04.2		1,00	54.938,58	54.938,58	1,00	5.571,19	5.571,19	1,00	-6.659,75	-6.659,75
04.3	ALUMBRADO PÚBLICO			1,00	56.786,39	56.786,39	1,00	0,00	0,00	1,00	3.700,52	3.700,52
ELCU2000	ud	ELECTRODO TIPO PICA Cu2000x14.6 mm		7,00	15,70	109,90	0,00	15,70	0,00	0,00	15,70	15,70
ALUMPROV	PA	ALUMBRADO PROVISIONAL		1,00	3.500,00	3.500,00	0,00	3.500,00	0,00	0,00	3.500,00	3.500,00
DSMTALEX	PA	DESMONTAJE ALUMBRADO EXISTENTE		1,00	2.500,00	2.500,00	0,00	2.500,00	0,00	0,00	2.500,00	2.500,00
DADOCIM	ud	DADO DE CIMENTACION		12,00	94,92	1.139,04	0,00	94,92	0,00	0,00	94,92	94,92
PTLZPAT73	ud	PUNTO DE LUZ EN PASO PARA PEATONES		4,00	574,68	2.298,72	0,00	574,68	0,00	0,00	574,68	574,68
TUSUINOX01	m	TUBERIA ACERO INOX D=50 mm		4,00	42,23	168,92	0,00	42,23	0,00	0,00	42,23	42,23
CANCORRU1	m	CANALIZACION CORRUGADA EN ACERAS		325,40	7,95	2.586,93	0,00	7,95	0,00	0,00	7,95	7,95
CANCORRU2	m	CANALIZACION CORRUGADA EN CRUCE CALZADAS		20,00	15,76	315,20	0,00	15,76	0,00	0,00	15,76	15,76
HORCRUCE1	m ³	HORMIGÓN REFUERZO CRUCES CALZADA		5,85	77,85	455,42	0,00	77,85	0,00	0,00	77,85	77,85
COLUMMIRA	ud	COLUMNA MIRAEBRO O SIMILAR 5m		4,00	498,48	1.993,92	0,00	498,48	0,00	0,00	498,48	498,48
COOR1	ud	CORRECCION TAPAS		4,00	27,69	110,76	0,00	27,69	0,00	0,00	27,69	27,69
linaI336	m	LÍNEA DE ALUMBRADO PUBLICO 4X6mm + 1X16 mmTT		362,00	16,06	5.813,72	0,00	16,06	0,00	0,00	16,06	16,06
CONILUM1	ud	CONJUNTO ATLAS INOX 9 MTS+2 PROYECTORES VISO LED O SIMILAR		1,00	3.617,29	3.617,29	0,00	3.617,29	0,00	0,00	3.617,29	3.617,29
CONILUM2	ud	CONJUNTO ATLAS INOX 9MTS+2L BASIC LED O SIMILAR		8,00	3.700,52	29.604,16	0,00	3.700,52	0,00	0,00	3.700,52	3.700,52
D38KT010	ud	ARQUETA DERIVACIÓN 400x400x600 mm		9,00	136,70	1.230,30	0,00	136,70	0,00	0,00	136,70	136,70
D38KT500	ud	ARQUETA DERIVACIÓN 500X500X600 mm		4,00	144,69	578,76	0,00	144,69	0,00	0,00	144,69	144,69
D38KT600	ud	ARQUETA DERIVACIÓN 600X600X600 mm		5,00	152,67	763,35	0,00	152,67	0,00	0,00	152,67	152,67
		04.3		1,00	56.786,39	56.786,39	1,00	0,00	0,00	1,00	3.700,52	3.700,52
		04		1	144.443,95	144.443,95	1	5.571,19	5.571,19	1	-8.687,16	-8.687,16

Capítulo 05. Señalización y semaforización: Inclúense neste capítulo catro (4) novas unidades de obra, para a renovación da rede semaforica motivado polas condicións das redes de servizos diferentes das recollidas en proxecto.

Unidades de obra non contempladas no proxecto con prezos contemplados no proxecto orixinal:

CANCORRU1	m	CANALIZACION CORRUGADA EN ACERAS	395,40	7,95	3.143,43
CANCORRU2	m	CANALIZACION CORRUGADA EN CRUCE CALZADAS	20,00	15,76	315,20
D38KT010	ud	ARQUETA DERIVACIÓN 400x400x600 mm	11,00	136,70	1.503,70
D38KT600	ud	ARQUETA DERIVACIÓN 600X600X600 mm	2,00	152,67	305,34

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto supón:

			PROYECTO CONSTRUCTIVO			PROXECTO MODIFICADO Nº1			DIFERENZA
			Cantidad	Precio E.M.	Importe E.M.	Cantidad	Precio E.M.	Importe E.M.	
05	SEÑALIZACIÓN Y SEMAFORIZACIÓN		1	11.908,74	11.908,74	1	17.176,41	17.176,41	5.267,67
05.1	SEÑALIZACIÓN HORIZONTAL		1,00	2.190,09	2.190,09	1	2.190,09	2.190,09	0,00
D38IA010	m	PREMARCAJE	996,80	0,10	99,68	996,80	0,10	99,68	0,00
D38IA040	m	MARCA VIAL 15 cm	996,80	0,50	498,40	996,80	0,50	498,40	0,00
D38IA020	m ²	SUPERFICIE REALMENTE PINTADA	133,00	11,97	1.592,01	133,00	11,97	1.592,01	0,00
		05.1	1,00	2.190,09	2.190,09	1,00	2.190,09	2.190,09	0,00
05.2	SEÑALIZACIÓN VERTICAL		1,00	1.022,40	1.022,40	1,00	1.022,40	1.022,40	0,00
D38ID185	ud	SEÑAL CUADRADA 60x60 cm NIVEL 2	2,00	214,36	428,72	2,00	214,36	428,72	0,00
D38ID155	ud	SEÑAL CIRCULAR 60 NIVEL 2	2,00	212,92	425,84	2,00	212,92	425,84	0,00
D38ID125	ud	SEÑAL TRIANGULAR P 70 NIVEL2	1,00	167,84	167,84	1,00	167,84	167,84	0,00
		05.2	1,00	1.022,40	1.022,40	1,00	1.022,40	1.022,40	0,00
05.3	SEMAFORIZACIÓN		1,00	8.696,25	8.696,25	1,00	13.963,92	13.963,92	5.267,67
TRAF30	ud	DESMONTAJE Y MONTAJE DE BÁCULO SEMAFÓRICO EN NUEVA BASE	2,00	512,96	1.025,92	2,00	512,96	1.025,92	0,00
traf31	ud	REUBICACIÓN DE REGULADOR DE CRUCE MODELO CITY O SIMILAR PARA 8 G	1,00	946,79	946,79	1,00	946,79	946,79	0,00
TRAF32	ud	ROTULACIÓN DE ARMARIO REGULACIÓN	1,00	147,06	147,06	1,00	147,06	147,06	0,00
TRAF33	ud	ALARGADERA DE 3.5 m	2,00	43,00	86,00	2,00	43,00	86,00	0,00
TRAF34	ud	OPTICAS DE DIODOS LUZ VERDE	8,00	557,50	4.460,00	8,00	557,50	4.460,00	0,00
TRAF35	ud	PERNOS DE BÁCULO CON TUERCA Y ARANDELA	2,00	57,98	115,96	2,00	57,98	115,96	0,00
TRAF36	ud	CONJUNTO DE PERNOS ARMARIO REGULADOR	1,00	17,65	17,65	1,00	17,65	17,65	0,00
TRAF37	ud	EMPALME DE FIBRA OPTICA	10,00	68,50	685,00	10,00	68,50	685,00	0,00
TRAF38	m	CONDUCTOR TERMPLÁSTICO SUBTERRÁNEO RV-K 0.6/KV DE 3*2.5 mm ²	100,00	1,12	112,00	100,00	1,12	112,00	0,00
TRAF39	m	CONDUCTOR TERMPLÁSTICO SUBTERRÁNEO RV-K 0.6/KV DE 4*2.5 mm ²	100,00	1,50	150,00	100,00	1,50	150,00	0,00
TRAF40	m	CONDUCTOR DE COBRE UNIPOLAR CON AISLAMIENTO PVC H07V-K 750 V	20,00	1,96	39,20	20,00	1,96	39,20	0,00
TRAF41	ud	MANO DE OBRA DE REMODELACIÓN INSTALACIÓN	1,00	910,67	910,67	1,00	910,67	910,67	0,00
CANCORRU1	m	CANALIZACION CORRUGADA EN ACERAS				395,40	7,95	3143,43	3.143,43
CANCORRU2	m	CANALIZACION CORRUGADA EN CRUCE CALZADAS				20,00	15,76	315,20	315,20
D38KT010	ud	ARQUETA DERIVACIÓN 400x400x600 mm				11,00	136,70	1.503,70	1.503,70
D38KT600	ud	ARQUETA DERIVACIÓN 600X600X600 mm				2,00	152,67	305,34	305,34
			1,00	8.696,25	8.696,25	1,00	13.963,92	13.963,92	5.267,67
		05	1	11.908,74	11.908,74	1	17.176,41	17.176,41	5.267,67

Capítulo 06. Xardinería, rego e mobiliario urbano: Mantense o importe orixinal

Capítulo 07. Varios: Mantense o importe do proxecto orixinal.

Capítulo 08. Xestión de residuos da construción e demolição: Mantense o importe do proxecto orixinal.

Capítulo 09. Seguridade e saúde: Mantense o importe do proxecto orixinal.

VI.- ORZAMENTO

Para a creación dos prezos contradictorios recollidos no presente proxecto modificado nº1, tomáronse os prezos referidos á data de licitación das obras e determináronse coas mesmas bases.

As variacións recollidas no presente modificado Nº1 son debido a modificacións que atenden a circunstancias recollidas nas FEC así como ás variacións de unidades do mesmo relativas ao incremento/diminución de medicións das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP, co seguinte resumo:



Concello de Vigo

Cód.	Resumen	PRES. PRIMITIVO Importe E.M.	PRES. MODIFICADO Importe E.M.	DIFERENZA		DIFERENZA		DIFERENZA		DIFERENZA TOTAL Eur.
				Modificacións non previstas no PCAP por introducción de novos prezos (Art.205) Eur.	Modificacións previstas no PCAP (Art. 204) Eur.	Diferenzas de medición. Art. 242.4i)				
01	Actuacións previas	9.414,06	9.414,06	-	-	-	-	-	-	-
02	Movimento de terras	16.263,20	64.654,15	35.300,97	13.000,08	-	-	-	-	48.300,05
				Importe E.M.	Líquido	% respecto do P.E.M orixinal				
	MODIFICACIÓNS NON PREVISTAS NO PCAP (Art. 205 da LCSP)			40.872,06	51.012,63	10,32%				
	MODIFICACIÓNS PREVISTAS NO PCAP (Art. 204 da LCSP)			9.670,59	12.069,92	2,44%				
	VARIACIÓN DE MEDICIÓN (Art. 242.4i da LCSP)			- 8.036,66	- 10.030,60	-2,03%				
	TOTAL			42.505,99	53.051,95					
09	Seguridad y salud	9.123,96	9.123,96	-	-	-	-	-	-	-
	ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	395.860,82	438.366,81	40.872,06	9.670,59	- 8.036,66				42.505,99
	13% GASTOS XERAIS	51.461,91	56.987,69	5.313,37	1.257,18	- 1.044,77				5.525,78
	6% BENEFICIO INDUSTRIAL	23.751,65	26.302,01	2.452,32	580,24	- 482,20				2.550,36
	ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	471.074,38	521.656,51	48.637,75	11.508,01	- 9.563,63				50.582,13
	COEFICIENTE DE ADXUDICACIÓN (0,8668)	62.747,11	69.484,65	6.478,55	1.532,87	- 1.273,88				6.737,54
	ORZAMENTO DE ADXUDICACIÓN S/IVE	408.327,27	452.171,86	42.159,20	9.975,14	- 8.289,75				43.844,59
	21% I.V.E	85.748,73	94.956,09	8.853,43	2.094,78	- 1.740,85				9.207,36
	ORZAMENTO LÍQUIDO DE ADXUDICACIÓN	494.076,00	547.127,95	51.012,63	10,32%	12.069,92	2,44%	-10.030,60	-2,03%	53.051,95

- b) Capítulo 04. Instalacións
 - Capítulo 04.2. Saneamento

Polo que ditas modificación recollidas nos citados capítulos non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP ao incluír novos prezos unitarios, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a ditas causas obxectivas. O importe das novas unidades de obra que é necesario introducir representa o **10,48 %** do orzamento inicial do contrato.

Código	Ud	Descrición	Medición	Precio E.M.	Importe E.M.
M1_SST	m ²	SOSTENIMIENTO LÍNEA MT	232,84	93,17	21.693,70
M1_PTMT	m ²	PROTECCIÓN LÍNEA MT	232,84	58,44	13.607,17
M1_TB315	m	ENTUBADO TUBO 315 mm (Incluso hormigon)	99,45	62,17	6.182,81
IMPORTE TOTAL UNIDADES DE OBRA NOVAS					41.483,68
P.E.M PROXECTO ORIXINAL					395.860,82
PORCENTAXE DE IMPORTE TOTAL DE UNIDADES DE OBRA NOVAS					10,48%

modificacións non previstas non son substanciais no sentido indicando no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial contratado (supón o **10,48 %**) nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15% do prezo inicial do contrato (supón o **10,32 %**) nin se encontran as novas propostas no ámbito doutro contrato iniciado.

VIII.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN

Para a execución das actuacións proxectadas, considerase necesario a ampliación do prazo por (2) meses, tal e como se establece no Proxecto Modificado nº1.

IX.- CONCLUSIÓN

As modificacións propostas no presente Modificado n.º 1 das obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI", estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese público xa que permiten levar a bo termo, en condicións axeitadas de seguridade, a execución da obra, posibilitando a renovación das redes de servizos urbanos, coa mínima afección á liña de media tensión, e garantindo as condicións de seguranza durante a execución das devanditas obras. Asemade, o correcto funcionamento da rede semaforica é de vital importancia para garantir a seguranza viaria, polo que todos os elementos que a integran deben presentar un estado de conservación acorde ás esixencias normativas.

As modificacións propostas atópanse dentro das contempladas nos ámbitos de modificación definidos no apartado 6 b) das FEC, tal e como se define no presente informe, sendo motivadas en xeral polas condicións dos servizos diferentes das recollidas no proxecto orixinal. Porén, nalgúns casos obrigan á introdución de novas unidades de obra con novos prezos unitarios non previstos no contrato. Polo que ditas modificacións non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, non se introducen unidades de obra novas que representen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato (supón o **10,48 %**) nin tampouco amplía o ámbito do contrato, xa que coas modificacións non se supera o 15 % do prezo inicial do contrato (supón o **10,32 %**) nin se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.

En canto ao resto de modificacións, contempladas no apartado 6 das FEC, indícase que a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación ao prezo do contrato, non supera as limitacións establecidas no PCAP reitor do contrato, xa que no seu apartado 6 d) das FEC, límites da modificación, sinala que a contía máxima da modificación non superará o 20% sobre o prezo do contrato (supón o **2,44 %**).

As modificacións que se formulan non alteran as condicións de adxudicación e licitación recollidas no PCAP que rexon a contratación das obras.

Así mesmo, considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

Os prezos contraditorios que se propoñen, consecuentes á solución técnica adoptada, refírense á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra, en todo o que se refire aos prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria e a os custos indirectos dos prezos descompostos.

As modificacións incluídas no presente modificado alteran o prazo de execución das obras.

Asemade, tendo en conta o artigo 160.2 do RD 1098/2001, recóllense no presente modificado, as variacións de medición de certas unidades existentes no proxecto orixinal, que non igualan nin exceden, en máis ou menos o 10% do prezo de adxudicación do contrato, polo que, se dá cumprimento ao artigo 242.4 da Lei 9/201 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/24/UE, de 26 de Febreiro de 2014."

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS



Concello de Vigo

I.- A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

Respecto á xustificación do interese público, a dirección facultativa argumenta no seu informe técnico no apartado IX CONCLUSIÓNS o seguinte:

“As modificacións propostas no presente Modificado n.º 1 das obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI”, estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese público xa que permiten levar a bo termo, en condicións axeitadas de seguridade, a execución da obra, posibilitando a renovación das redes de servizos urbanos, coa mínima afección á liña de media tensión, e garantindo as condicións de seguranza durante a execución das devanditas obras. Asemade, o correcto funcionamento da rede semaforizada é de vital importancia para garantir a seguranza viaria, polo que todos os elementos que a integran deben presentar un estado de conservación acorde ás esixencias normativas.”

II.- Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

- a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;
- b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

III.- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP, no apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 12 de agosto de 2021, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra relacionadas coas actuacións previas, movemento de terras, firmes e pavimentos, instalacións, sinalización e semaforización, xardinería, rego e mobiliario urbano, xestión de residuos da construción e demolición e seguridade e saúde
- Circunstancias que determinan a modificación:
 - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.

- Necesidades de adaptación ao contorno, no referente a servizos, deseño, esquema funcional ou accesibilidade, sempre e cando este sufra modificacións con posterioridade a data de aprobación do proxecto.

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo inicial do contrato.

No presente supostos no informe da dirección facultativa consta que todas as modificacións recollidas no presente proxecto modificado n.º 1 xorden a causa de circunstancias previstas no PCAP da licitación, segundo o citado anteriormente; pero nalgúns casos obrigan á introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato nos seguintes capítulos.

- Capítulo 02. Movemento de terras
- Capítulo 04. Instalacións - Capítulo 04.2. Saneamento.

No apartado VI ORZAMENTO, indica que as modificacións previstas a tenor do disposto no artigo 204 da LCSP ascenden a un total de 12.069,92 euros, supoñendo o 2,44% do prezo do contrato.

IV.- Asemade, en relación coa posibilidade de modificación regulada no artigo 205 da LCSP, as modificacións non previstas no prego de cláusulas administrativas particulares o que, habendo sido previstas, no se axusten ao establecido no artigo 204, solo poderán realizarse cando a modificación en cuestión cumpra os seguintes requisitos:

- a) Que atope a súa xustificación en algún dos supostos que se relacionan no apartado segundo deste artigo.
- b) Que se limite a introducir as variacións estritamente indispensables para responder a causa obxectiva que as faga necesarias.

Entre os supostos que eventualmente poderían xustificar una modificación non prevista, sempre e cando esta cumpra tódolos requisitos recolleitos no apartado anterior, figura a seguinte (art.205.2.c) da LCSP):

- Cando as modificacións non sexan substanciais. Neste caso terase que xustificar especialmente a necesidade das mesmas, indicando as razóns polas que esas prestacións non se incluíron no contrato inicial.

Tal e como se indica no informe da Dirección facultativa no seu apartado II.-MODIFICACIONES: *“Unha vez comezada a obra e avanzadas as demolicións, compróbase que a canalización e liñas eléctricas discorren na vertical do resto de instalación soterradas, as cales son obxecto de renovación no proxecto, polo que dita rede vese afectada polos traballos de apertura de gabias e escavación para a renovación do resto de servizos, especialmente no caso da rede unitaria de saneamento e pluviais, debido tanto á súa localización como ás profundidades proxectadas.*

Segundo as recomendacións indicadas no Documento de Información de Riscos (DIR11) subministrado por UFD, para garantir a seguridade fronte ao risco por contacto eléctrico establécense unha serie de radios e distancias mínimas de seguridade en función dos medios para a apertura de gabias. Considerase por tanto necesario habilitar un sostemento da liña de media tensión durante os traballos de renovación do resto de redes de servizos obxecto do proxecto, e realizar as modificacións oportunas nas redes correspondentes para evitar a interacción coa rede eléctrica:

- *Co obxectivo de minimizar os traballos nas inmediacións da rede de media tensión, considerase necesario executar a nova rede de abastecemento sen levantamento da canalización antiga, en*



Concello de Vigo

paralelo a existente, realizando os bypass correspondentes para a correcta conexión e funcionamento da rede.

- *No caso do saneamento, en vista da proximidade da rede de media tensión, estúdanse as opcións para minimizar o contacto e posible afección a esta rede, polo que, nas zonas onde o espazo dispoñible non garante o cumprimento das distancias de seguridade, procederase a renovar a rede con tubaxe de diámetro 315mm instalada no interior da sección de 400mm existente e protección con inxección de morteiro en todo o perímetro.*

Asemade, a devandita rede de media tensión atópase a pouca profundidade respecto da cota real de beirarrúa, polo que seguindo as recomendacións da compañía subministradora, é necesario por motivos de seguridade, proceder á protección da liña mediante chapas metálicas e marcare mediante cinta identificativa.

Por outra banda, avanzadas as tarefas de escavación de gabias, obsérvase que a canalización da rede semafórica presenta numerosos tramos deteriorados, o que pon en risco a integridade do cableado que discorre no seu interior, polo que é necesario proceder á súa substitución e renovación.”

A necesidade das mesmas ben determinada por tanto pola necesidade de levar a bo termo, en condicións axeitadas de seguridade, a execución da obra, posibilitando a renovación das redes de servizo urbanos, coa mínima afección á liña de media tensión, e garantindo as condicións de seguranza durante a execución das citadas obras, así como a vital importancia do correcto funcionamento da rede semafórica para a garantir a seguridade viaria que esixe que todos os elementos que a integran deben presentar un estado de conservación acorde ás esixencias normativas, coa obriga da introdución de novos prezos unitarios non previstos.

Unha modificación dun contrato considerarase substancial cando teña como resultado un contrato de natureza materialmente diferente ao celebrado nun principio. En calquera caso, unha modificación considerarase substancial cando se cumpra unha ou varias das condicións seguintes:

1.º Que a modificación introduza condicións que, de figurar no procedemento de contratación inicial, permitirían a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente ou atraerían a máis participantes no procedemento de contratación.

En todo caso considerarase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando a obra ou o servizo resultantes do proxecto orixinal ou do prego, respectivamente, máis a modificación que se pretenda, requiran dunha clasificación do contratista diferente á que, no seu caso, esixiuse no procedemento de licitación orixinal.

Cúmprese dito requisito, xa que como se indica no informe da dirección facultativa no seu apartado III.- OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN, sinalase que *“ditas modificacións non son substanciais no sentido indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP, xa que a obra resultante coas modificacións descritas non requiren clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal”*.

2.º Que a modificación altere o equilibrio económico do contrato en beneficio do contratista dunha maneira que non estaba prevista no contrato inicial.

En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando, como consecuencia da modificación que se pretenda realizar, introduciríanse unidades de obra novas cuxo importe representaría máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato.

Cúmrese o citado requisito, xa que tal e como se indica no informe da dirección facultativa no seu apartado VI.- ORZAMENTO, en relación ao importe das novas unidades de obra que é necesario introducir, as mesmas representa o 10,48% do orzamento inicial do contrato:

Código	Ud	Descripción	Medición	Precio E.M.	Importe E.M.
M1_SST	m²	SOSTENIMIENTO LÍNEA MT	232,84	93,17	21.693,70
M1_PTMT	m²	PROTECCIÓN LÍNEA MT	232,84	58,44	13.607,17
M1_TB315	m	ENTUBADO TUBO 315 mm (Incluso hormigon)	99,45	62,17	6.182,81
IMPORTE TOTAL UNIDADES DE OBRA NOVAS					41.483,68
					P.E.M PROXECTO ORIXINAL
					395.860,82
PERCENTAXE DE IMPORTE TOTAL DE UNIDADES DE OBRA NOVAS					10,48%

3.º Que a modificación amplíe de forma importante o ámbito do contrato.

En todo caso considerárase que se dá o suposto previsto no parágrafo anterior cando:

(i) O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, do 15 por cento do prezo inicial do mesmo, IVE/IVE excluído, se se trata do contrato de obras ou dun 10 por cento, IVE/IVE excluído, cando se refira aos demais contratos, ou ben que supere o limiar que en función do tipo de contrato resulte de aplicación de entre os sinalados nos artigos 20 a 23.

Cúmrese tamén dito requisito, xa que consta no informe da dirección facultativa no seu apartado VI.- ORZAMENTO, que as modificacións non previstas a tenor do disposto no artigo 205.2 c) da LCSP ascenden a un total de 51.012,63 euros, supoñendo o 10,32% do prezo do contrato.

(ii) As obras, servizos ou subministracións obxecto de modificación áchense dentro do ámbito doutro contrato, actual ou futuro, sempre que se iniciou a tramitación do expediente de contratación.

Cúmrese tamén o citado requisito, xa que consta no informe da dirección facultativa no seu apartado IX.- CONCLUSIÓN, que non se encontran as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.

V.- As circunstancias que dan lugar as modificacións propostas no apartado II.1 descritas no informe técnico da dirección facultativa, atópanse previstas no apartado 6 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato. Porén, nalgúns casos obrigan a introdución de novas unidades de obra con novos prezos unitarios non previstos no contrato, polo que ditas modificacións non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e que son necesarias para responder a ditas causas obxectivas.

Tal e como se indica no devandito informe da dirección facultativa, non se cumpren ningunha das tres condicións que cualificarían ditas modificacións de substanciais, e mesmo en termos obxectivos por supoñer un incremento do prezo inferior ao 15% do contrato, conforme ao disposto no propio artigo 205.2. c.i) tería a consideración obxectiva de ser unha modificación non substancial.

En consecuencia, tal e como se indica nos fundamentos xurídicos, a proposta de modificación do contrato atópase contemplada nos supostos do artigo 204 e 205.2.c) da LCSP.



Concello de Vigo

VI.- Respecto á ampliación de prazo de dous meses solicitada pola Dirección Facultativa para a execución das actuacións proxectadas, cabe indicar que o PCAP que rexe o presente expediente de contratación recolle na cláusula 26.4.a) que o prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en caso de modificación do contrato, sendo o prazo da prórroga o que resulte do proxecto modificado, e non podendo exceder da metade do prazo inicial.

Neste caso que nos ocupa, o prazo de execución é de 6 meses (Apartado 4 das FEC), contados a partir do 01.07.2022, que se corresponde coa data da sinatura da acta de comprobación de replanteo positiva.

Consta informe específico da dirección facultativa de xustificación de prazos de datas 9 e 10 de febreiro de 2023 (tte. 428 do expediente dixital).

En consecuencia, considerase procedente a ampliación do prazo por (2) mes, tal e como se establece no Proxecto Modificado nº1 e no informe da dirección da facultativa.

VII.- As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).
2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)
3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP).

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao artigo 211 da LCSP.
2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumplan os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación

autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciárase coas seguintes actuacións:

- a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
- b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
- c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarse o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

VIII.- As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 204, 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP)

IX.- Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

X.- Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204, 205 e 206 da LCSP así como do apartado 6 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 5 de outubro de 2022, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 20 de xuño de 2019, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Respecto ao trámite de audiencia ao redactor do proxecto, consta audiencia sen que se formulara, en data 09.02.2023 consideracións ao mesmo. (tte. 416, 419 e 420 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista sobre a modificación (proxecto modificado e informe da dirección facultativa) e os novos prezos, e a conformidade deste, en data 09.02.2023 (tte. 415, 422 e 423 do expediente dixital).

5º.- Consta informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 09.02.2023.



Concello de Vigo

6º.- Recóllese no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 i) da LCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP).

8º.-Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación respecta tanto o previsto no artigo 204 como no artigo 205 da LCSP.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

XI.- Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1º.- Aprobar o proxecto modificado nº 1 das obras de **"HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE VI "** redactado pola Enxeñeira Técnica de Obras Públicas Dña. M^a Francisca Arlandis Marra e pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. Fátima Martínez Giráldez , o que supón unha importe líquido adicional de **53.051,95 €**, supoñendo un 2,44 % (12.069,92 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 204 da LCSP, un 10,32 % (51.012,63 €) de modificación por causas xustificadas contempladas no artigo 205.2c) da LCSP e un -2,03% (-10.030,60 €) por variacións de medicións do artigo 242.4. da LCSP.

2º.- Autorizar a o gasto, con cargo á partida orzamentaria 1532 6190086, a cal conta con crédito adecuado e suficiente.

3º.- Autorizar a ampliación do prazo da obra en 2 MESES.

4º.- Instar á mercantil AVAN INTEGRAL S.L. adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

5º.- Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(220).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez